


N.º 137-38

Tomo 12

# nós



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Administrador

ANXEL CASAL

---

DIRECIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

SANTIAGO

---

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	6'00 >
Número solto	070 >

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pola Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

PAÍSAXE SIN HISTORIA, por Lois V. F. Pimentel.

IDILIO NA INSUA, por Anxel Fole.

CHOIVA, por R. Carballo Calero.

NOTAS ENCOL DO ESCUDO DE ARMAS DE NOIA, por Xohan López Medina.

PAÍSAXE I ESPRITO, por Manuel Lesteiro López.

UN INTERESANTE LIBRO DE FORMALDO DA CATEDRAL DE MONDOÑEDO, por Duardo Lence-Santamar e Guitián.

MITTELEUROPA, por Vicente Risco.

ARQUIVO FIOLÓXICO I ETNOGRÁFICO DE GALIZA.

---

IMPRENTA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Rúa do Vilar, 15

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense

---



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XVII ★ Ourense Maio-Xunio de 1935 ★ Núm. 137-38

## P A I S A X E   S I N   H I S T O R I A

Era un ár novo,

virxe de pulmón.

Un novo mar,

virxe de naufragos.

Rosas sin estrear.

Vento sin azas.

• Luz sin prumax.

Camiño sin rodeiras,

A morte inda non nascera.

Espello sin lembranzas.

¡Qué tristura más fonda en todal-as cousas!

¿Cando chegará a man do home?

Lois V. F. PIMENTEL.



## IDILIO NA INSUA

ANXEL FOLE.

**R**ESOA amplio e soave o marmurio do río na serán crara, unxida de paz. Auga limpia e profunda coma o ceo dista serán vranceira. O vento levián i ulente a penas a encrancha. Olmos, ameneiros e salgueiros orellan o río de un negro pálpito de somas. Pol o nídio vidro esbara unha nube branca.

Enriba do val, sobor dos outos cumios lonxanos, o pulso da serán acéndese en azúes silenzios, puros i-ardigantes como as meditazóns de un místico. Pro no val pulexante paganía e ledoen'a sensoalidáde.

O río devolve, redobradas, fermosuras à paisaxe. Ren leva cou il, senón a sua eterna canzón cara ao mar.

¡Qué belida é ista pequena insua no meio do río que alonga dous sooros brazos pra abranguela e retela no seu seo!

Ao seu cote esquierdo hai un muíño con un caneiro. Ali se debroca o río en un trono musegal de escumas.

Na insua, un bosco callado de lentas sombras gozosas. A ista hora da serán primanxeira sestexan aíl os faunos, descarregando no sono os seus sensosexigidos.

O muíño, catro vellas paredes mouras i-hedrosas i-un tellado co aleiro cheo de niños de anduriñas. Batindo o resón do caneiro o ritmo trecoleante da muñada.

—

O mozo i-a moza saen silandeiros do muíño. Ao aparescer no dímel un merlo os saúda bulronamente. Sua presenza desartella o voo dunha nube de anduriñas que fuxen chirlando no ár azulado.

A il i-a illa cántalles o sangue unha divina canzón de amor, e queren ouvir a soilos,

xuntos, gorecidos na soma latexante i-ulente do bosco, a carón da i-auga fuxideira.

Séntanse no céspede mol, leixando aboiar a ollada na auga rumorosa. Restala a risa verdecente das frondas sobor das suas testas e sobor da sorrisa vagantía do río...

Non fai falla esforzar os ouvidos pra escoitar a doce siringa de Pan, cantando a zulante fartura das campías.

É illa loira, coa cabeleira de soave coor de mel. Os verdes ollos, de auga de mar. O tón da sua carne, requeimada pol-o sol lembra a maturidade dos centeos.

Íl é outo, moreno, lanzal.

Entramos, fermosos, sinxelos i-ardentes como pastora e pastor de un idilio de Teócrito.

Ainda teñen a nenez pegada nos ollos. A il amósalle a pubertade na fina felaxe de froito que lle enche as meixelas. A il, nos seus seos breves, duros i-ergueitos.

Sinten por primeira vegada na vida a ledoenta aguillada da luxuria.

Íl gorenta a sua beleza con enlevado mutismo.

Mais fermosa que a auga fluente e segrel do río atopa a auga de seus ollos verdes, que se enche de unha liorta de desacougos e ledicias baixo a ollada relampada do mozo.

Aloumiña a ulente chama da sua cabeleira. Ollos e mans esbaran con ratada despaciosidade que acugula de suxestións seu amoroso desexo, as curvas trementes do corpo da moza... Xa arden no sangue do mozo as rosas carnás dos seus seos. Os alenos i-as alí as fundense en un longo bico...

Doce é a canzón do vento no ramaxe ou carexando os fenals maduros. Doce é o arro-

lo d'ista rula que abre un recanto de soler-mia na magnífica soedade das campás verde-gantes... Pro mais tenra e doce, ista conver-sa tateante en que mozo e moza se din os feitizos do seu amor.

Un longo solpor ensanguentou o río. O maino batuqueo d'uns remos crebou o silen-zo i-a seriedade das augas. A lonxana cánti-ga de un pastor fixo frolicer na tébrega medradeira unha branca rosa de melodia. Pro iles ren viron, nen ouviron ren.

Caiu unha estrela no río; logo, outra i-outra. Un sapo rexistrou melodiosamente o suceso coa sua frauta de prata. Como cai-ron tantas, o probe do sapo tivo que estar tocando toda a noite: doc, doc, doc. Moi pa-senñamente, porque era persoa de costu-mes sans e tranquilas e porque a sua flauta ren tiña que ver coa tolemia musegal dos novos zanfogueiros.

Cando as rás de boca rachada i-ollos inza-

dos apedrábanlle o soilo de flauta co-a sua deboura de croaxos, o sapo arrenegaba de Honegger, Strawinsky e Mossoloff...

Érguense os dous mozos. Il, xa home e ilá, xa muller.

Cantaba o río, enchendo o val co-a sua canzón. Rechouchiú un reisefor, ilumian-do o silenzio do bosco.

Si o mozo fose un poeta romántego, er-guendo a testa e fitando o ceo perguntaría:

«¿Qué viño milagreiro baixa das estrelas i embebeda o meu corazón?»

Coma non era mais que un ledo mozo campesio, seus beizos guindaron na noite ista cántiga inxel:

¡Quen dera que os meus olliños  
fosen dous meigos espellos,  
pra engaiolal-a laberca  
que rechouta no teu peito!

Cloc, cloc, cloc, fixo eistrambote a flauta  
do sapo.





## C H O I V A

Desfái o seu peiteado o ceo afoutado,  
e a súa cabeleira encol da terra  
verque, de longos fíos paralelos.

Aquén e alén da reixa, namorados  
paxaros de ollos mornos devecidos  
pol-a espiral do soño ao ceo ruben.

David de longa grea, o vento tanxe  
cos seus dedos de brétema, nas cordas  
da i-harpa eternamente renovada.

A rosa gris e murcha da saudade  
con raxeiras de cinza alumia un mundo  
esquecido en relanzos de silenzo.

Fraga de picas. ¿Cara qué Bastilla  
avanza ista invisibre moitedume.  
mesto balbor e unánime pasada?

Sen fin, como miñocas, longos laios.  
nos illós, fanse múltipres, ao gume  
frío e teimoso do intre sen historia.

Nas trégolas das rúas enlousadas  
e nos sostidos das aceiras, pulsan  
o piano da vila as mans da choiva.

Paira encol da cidade o anxo de néboa  
da señardade, a ollar, de ollos doridos,  
as rúas frorecidas de paraugas.

R. CARBALLO CALERO.



## NOTAS ENCOL DO ESCUDO DE ARMAS DE NOIA

POR XOAN LÓPEZ MEDINA.

Non é tarefa dodata facer un estudo documentado sobre do escudo de armas da por moitos tiduos ilustre vila de Noia; tan antiga, que no século primeiro da nosa era xa xiñificaba abondo para que merescese ser lembrada por Plinio. O empece d'unha parte, a falla de historia, ordeada cronolóxicamente, da mesma vila, xa que soilo eisisten datos esparexados d'aquela, e d'outra o carecemento de documentos que servan de guieiro a quen acometease tal laboura.

Algo, emporiso, eisistía no Arquivo do Concello municipal relacioado co escudo de Noia que poidera ourentar e tamén constituir materia proveitosa. Mais, ainda ca percura que fixo o que isto escrebe, nada chegou a abrigar sobre do logar onde foi a parar libro de tanto intrés, pois dun libro, refirindo outros aspeitos curiosísimos de Noia, trátase. É sensibre que o desleixo d'uns e a cobiza d'outros couten elementos importantes a aqueles que se propoñen facer laboura da clás que nos ocupa. Cas facilidades que D. Lois Agra Cadarso, nolés de vasta cultura, dá a quen quere tirar datos no seu intresante arquivo, do cal recollín algúns para iste traballo, contrastan ese desleixo i-esa cobiza.

Non embargante, aproveitando os esparexados que a Tradición, a Historia e outras fontes de investigación dán-nos, algo se pode reconstruir tocante ao escudo de Noia.

En qué época comenzou a usarse, inhórase. Paresce ser que a más antiga representación que do mesmo se conece, por más que a súa antigüidade non pase de finais do século XV ou comenzaos do XVI, é a que se olla no escudo do arco do Hospicio Vello,

n-outrora Hospital de «Sancti Spiritu» e hoxe Escola de Artes e Oficios, (núm. 1). Iste escudo, de feito moi orixinal, ainda non aparece orlado pol-a caxeira. Hai outro (núm. 2) que data do século XVIII, e estivo na frontaria da antiga Casa Consistorial, en cuio solar asentase actualmente o edificio que ocupa o Instituto do segundo insino. Tal escudo, que se colocou na frontaria do poente do devandito Hospicio, é de feitura moi fermosa. A coroa que o arremata é voada.



Fig. 1—Hospicio.

O campo, en óvalo, do escudo, está dividido horizontalmente en dous cuarteles, ostentando no superior o escudo de España e no inferior as armas da vila, detalle dino de facerse destacar porque reflexa o conceito que daquela tiña o noso Concello da hoxe latexante custión sobre da autonomía das Rexións. Tampouco iste escudo ten cadea.

Ao pé do sonado viril de San Martiño e nos ornatos (casula, capa pluvial e dalmáticas) que na súa Igrexa se gardan, e locianse principalmente na festividáde do

Santísimo Corpus Christi, óllanse escudos de Noia sin a cadea.

Na capela de San Lázaro, na parede que dá ao meiodía, esculpeuse no ano 1.768, asegún dí a inscrizón gravada na parte izquierda, a Arca e a pomba, pero non a cadea, sin traza de escudo (núm. 3). Por máis que o Concello o desinaba así, cando no 6 de Abril do ano 1.794, acordaba, entre outras cousas consinadas na acta que se ergueu có gallo da visita que no mesmo día, domingo de Lázaro, fixeran «los Sres. de Justicia y Regimiento», seguindo a costume dos nosos antergos, á capela do Santo para asistir «con su Vara de Justicia» aos actos d'aquel dia, o seguinte: «Se halló ésta (a capela) faltosa de algunos reparos que están mandados hacer por el Ayuntamiento en ella y su atrio y asimismo que es preciso se limpiase el *Escudo de Armas* de esta Villa, que tiene la citada capilla a la parte del meiodía en la pared de la capilla maior por hallarse bastante gastadas por el temporal y su antigüedad». Ista acta aparece asinada polos Rexedores D. José de Lira e Zúñiga, D. Alberto Antón Torrado e D. Alonso Fernández.

Outros escudos conescemos de feitura parascida. Pero os que temos por máis antigos dos en que xa figurán todos os atributos, son: (1) o que tiña o altar maior da Igrexa de San Martiño (ano 1.821), altar que foi sustituido pol-o actual, e o que cincue o pendón da Municipalidade (núm. 5). Iste escudo, de comenzaos do século XIX, é obra do ourive noíes D. Agustín Campio de Castro.

Taes atributos son: no campo, conforme a Tradición (para nós lenda), que quere que Noia, a vella Noela ou Novium, fose poboada, xa non por Noé, pois sería moi admittir, por un descendente próximo seu, o escudo non leva máis que a Arca e a pomba bíblica ca póla de olivo no bico. Arrodeando cuase todo o escudo, unha cadea cos grilhões crevados na parte superior e pendurada d'ela unha meia lúa, privilexio cuio uso foi concedido polos Reises Católicos galar-doando, asegún dí a crónica, as fazendas dos

antigos tercios mariños galegos, unha das cales é a que se refire así:

Nos comenzaos do ano 1.248, reinando Fernando III o Santo, durante o cerco de Sevilla polas súas ostes, a frota de Ramón Bonifaz isolou o castelo de Triana ca plaza, rompendo ao efecto unha ponte de barcas reforzada con fortes cadeas, o que detremou que no mes de San Martiño do mesmo ano, o sarraceno fixese entrega das chaves de Sevilla ao cristian.

Formaba parte da frota valentes mareantes de Noia, sendo a súa sezón a primeira que, ao mando do capitán Payo Gómez Chariño, de Pontevedra, arremeteu contra a ponte. Eiqui o orixe d'este atributo do escudo; os nosos bravos mariños rompendo a



Fig. 2—Hospicio.

cadea que cal barreira infranqueable puxera o poderio ainda puxante da meia lúa.

D. Armando Cotarelo e Valledor no discurso adicado a Payo Gómez Chariño, «Almirante e poeta», o 7 de Abril do 1929, ante a Real Academia Española na súa rezección como membro da Sezón da lingua galega, dempois de sinalar a predilección que San Fernando tiña polos galegos por habérsele él criado en Galiza e ter ben conocidos seus homes, e canto do seu esforzo e sabencia poidía agardar, aproveitados nas conquistas andaluzas, na de Sevilla especialmente, que tivo para os galegos «aspecio de verdadera cruzada», dí, con referencia ao feito relatado: «La tradición adjudica a Payo Gómez una de las más gloriosas hazañas de la conquista... Quiérese que sus bajeles intervi-

(1) O que ten a frontaria do poente da capela de San Lázaro (núm. 4).

niesen en los combates del Guadalquivir y se quiere que el comandante, siempre uno de los «omes buenos et de la buena compaña et bien guisados» escogidos personalmente por Bonifaz para su ayuda, montase una de las naves, la «que yva de parte del Aronal», la que primero embistió el formidable puente de barcas y cadenas tendido entre Triana y la ciudad el glorioso 8 de Mayo de 1.248. No rompió Chariño el puente, pero lo quebrantó de manera que la otra nave que le seguía, capitaneada por Bonifaz, «pudo dar tan de fruente un tal golpe que se passó clara de la otra parte». ¡Memorable golpe que aseguró la conquista de la tierra andaluza y extremeció de pavor el corazón de los musulmanes!.

Como dato tamén interesante para iste traballo, adiante copeo un acordo do Concello, do 20 de Nadal do ano 1798, para tratar «de



Fig. 8—San Lázaro.

las varias regalías que le son propias» e ante elas «una el usar del pendón, estandarte o guión con el *escudo de armas*». No dito acordo, que viña a restabelecer o uso do pendón, dempois da descripción d'esta insignia, faciase a do escudo que a aquel se cingüa, d'este xeito: «Que el escudo de las armas es de plata todo él; su peso, (está en branco no orixinal) onzas, mui bien trabajado y contiene las antigas de esta villa, que tiene y siempre usó en sus edificios, monumentos, sellos e insignias públicas, a saber: el Arca de Noé nadando sobre las aguas del Diluvio con la cabeza de este Patriarca asomada por otra Arca observando el regreso de la Paloma con un ramo de oliva en el pico en señal de la cesación de aquel castigo, en conformidad de lo escrito en las Sagradas

Letras sobre este suceso y en varios autores profanos que tratan de las armas públicas de las villas y ciudades prales del reino, especialmente por D. Antonio de Moya en una obra intitulada «Declaración de empresas, armas y blasones de los principales reinos, provincias, ciudades y villas de España», dedicada al Sr. D. Fernando el Sexto, donde hablando de Noya atribuye su antigüedad y origen a dicho Patriarca como se comprendía en sus armas, y otro muchos autores.— Además de esto se adornó dicho escudo con una cadena alrededor, quebrantada, y en la parte inferior una media luna abatida para demostración de la gloriosa hazaña con que se distinguieron los naturales de esta Villa por la mar, rompiendo los primeros las cadenas de los moros, que tenían en el Guadalquivir cuando fué la conquista de Sevilla en tiempos del Santo Rey Fernando y por lo que le concedió este el privilegio de que no padecieran pena afrentosa como consta en el Archivo de Pontevedra y otros documentos». Asinan a acta d'este acordo os Rexedores Licd. D. Manuel Silvestre Armero, don José de Dios de la Concha, D. Remigio Núñez, Procurador Xeneral, e seguen duas sinaturas ilegibles.

Cando o Conello asistía en Corporación a actos oficiales, os Rexedores e o Segredario levaban penduradas do colo unhas medallas que semellaban' o escudo. Esta costume, como a de portal o pendón o Síndico, caeu en desuso pasa de trinta anos.

Outro dato curioso. D. Juan Henriquez Ossorio, Escribán do Concello, autor do libro ao cal no escomenzo d'este artigo aludo, decía pol-o mesmo ano 1798, asegún nota tirada do tal libro, refiríndose ao relós e orgo da Igrexa de San Martiño, o seguinte: cuyas dos piezas se hicieron y repararon «ai muchos siglos» por el Ayuntamiento, como otras piezas tales, varias alhajas y ornatos que «hobo y ai con las armas de la villa».

Parez estrano que o feito heroico ao que arriba aludimos, acaescido no tempo de San Fernando, non fise galardoado ata o reinado de Fernando e Isabel, os cales deron a Noya unha «Carta de Seguro», asinada en Valladolid o 21 do mes de Sant-Iago do ano 1476. Mais, poidera ter espicazón en

que a Noia, dependendo d'aquela da Mitra compostelán, non lle consentisen as circunstancias ou non tivesen meios abondo para atinguir tal privilexio ata que seu concello, fora da tutela da Mitra, hachou istante axeitado dempois de dous séculos.

O acordo do ano 1798 en que se descreben os atributos do escudo, para nada se refire a



Fig. 4—San Lázaro.

que o arremataba a coroa ducal d'Alba, casa á que veu parar a antiga dos Condes de Lemos, que tiña solar en Noia, na rua que ainda hoxe nomean da Condesa, cujos titulares foron nalgún tempo señores xurisdicionaes da vila, e ista circunstancia seria, cecais, a que dou motivo paraadir dito atributo. Aquella rua xa se chamaba no século XVI «Rua de la Condesa», e para fixar a sua situación, lleso no «Libro de Rentas de la Capellania de la Concepción», arquivado na Casa Reitoral de San Mariño; «Calle que desciende de la Plaza para la Puerta del Rivero Grande donde vivia la Condesa de Lemos».

De persoa versada en Heráldica escoitei que a cadea deberá arrodear o campo do escudo, por ser onde se ponen as armas do titular, e non circundando exteriormente. Isto pode facerse cos d'aqueles que teñen o Toisón de ouro, por exemplo. Mais, así se ven usando, i-así debe seguirse presentando noso escudo.

Iste é todo o froito, ben pequeno certamente, das miñas investigazóns encol do escudo de armas de Noia, de cuia antigua fidalguía dan fe as cento vinte papeletas que, pol-o d'agora leva acañadas o profesor do Instituto D. Alvaro dos Casas, d'outros tantos

escudos nobiliarios clasificados por linaxes, estudo que presentou recentemente no Seminario de Estudios galegos e que o pobo noés ha de agradecer, xa que ista laboura será o cimento para ir refacendo a Historia da nosa bisbarra, berce de homes esgrevios, dos que o historiador Murguía na obra «Galicia do ano 1890, e dempois de falar das familias nobres e ricas que se asentaban dentro dos seus muros, dí: «Pero aun ilustran mas este suelo los hombres de ciencia y los artistas que produjo. Tiene la gloria verdaderamente excepcional de haber producido los dos mas insignes escultores que produjo Galicia en el siglo pasado: D. Felipe de Castro, director (foi o primeiro) de la Academia de San Fernando, de quien escribe Ceán que la «escultura recobró en España su esplendor con las obras, celo y aplicación de este profesor», y D. José Ferreiro, que no fué menos en el mérito, sino en las felicidades y gloria alcanzada. En el siglo actual produjo el malogrado D. José Suárez, tallista de gran talento que levantó en nuestros días la talla en Santiago de inmerecida postración. Entre los escritores, cuenta esta Villa a Fray



Fig. 5—Pendón.

Luis Rodríguez, Franciscano, que publicó unos «Comentarios a Scoto», impresos en 1624; y fué el primero que trabajó un «Vocabulario de la lengua gallega»; el Lic. don Luis Maneiro, que floreció a mediados del siglo XVII; el insigne alhéitar, D. Fernando Sande y Lago, de quien dice Llorente, refi-

riéndose al libro V de su Tratado de albeitería, que es «un verdadero tratado de mineralogía, con su clasificación en tierras, piedras, metales y jugos, exactamente la misma que años después estableció el inmortal Werner». En el siglo XVIII, floreció el benedictino Fr. Pedro Blanco, y a mediados del presente, Fr. Manuel Iglesias, general de la Orden de San Francisco cuando la exclaustración, y nuestro infeliz amigo D. Francisco Afón, poeta abundante y fácil, y de los primeros que restauraron en nuestro país la poesía en lengua gallega».

E dende a data da tal obra a hoxe, podemos engadir aos nomeados, outros valores,

os mais representativos; na cencia anatómica, a D. Francisco Romero Blanco e ao seu discípulo predileito D. Alexandre Rodríguez Cadarso, que foron Reitores ilustres da Universidade galega, iste, noso amigo da alma, finado trágicamente na barranqueira de Lubián, cando había conquerd o cume da gloria; na cencia arqueolóxica e outras ramas da sabencia, a D. Eladio Oviedo Arce; e nas armas, a D. Lois Cadarso Rey, que buscoul morte heroica en Cavite ao intentar, con temeridade, abalroar o acorazado «Olympia» co déble «Reina Cristina» que él mandaba.

Noia, 1935





## P A I S A X E - I - E S P R I T O

Por MANUEL LESTEIRO LÓPEZ

*Dadelas ás poucas de seu!  
Velahi meu berro decotío. Veredes: Eu maxino a Galicia  
coma un rexo carballo druídico desmochado, no que es-  
teriormente trátase de inxertar as grotescas paletas do no-  
pal iberoafricano. O carballo conserva a súa baruda vita-  
lidade —o pobo—; compre aos bós e xenerosos procurarille  
unha magna frolación!*

En Xunio do 31 pubriquei en NÓS un artigo defendendo a virtualidade da nosa lingua na restitución da nosa persoalidade. Daquela fundeime de preferencia nas potencias subconscientes. Nun curso escolar ao que asistín derradeiramente, xurdiron outros problemas, lembrándome dos cales quixera agora enxerguer o tema da nosa persoalidade, primeiro afincándose no ambiente físico-cultural, logo no decorrer hestórico, pra chantar de remate un fito no problema do bilingüismo en Galicia.

—

A persoalidade, individual ou colectiva, é o xeito de reacionar ante a realidade circundante, a manelira de interpretar ista realidade que abarca todo o universo. ¿Cómo se esprica que xurda nun punto preciso da cuadrica do espazo e do tempo un determinado xeito de filosofar?

Antes de se internar pola xeométrica arquitectura dunha escola filosófica, Unamuno preguntase (coma é o home Kant, o home Spinoza, o home Leibnitz?) porque, en derradeiro termo, o sistema filosófico é producto da persoalidade do filósofo. Levando alén a nosa esproración das fontes d'onde a vena filosófica mana, ollamos que o filósofo áchase circunscrito nunha multitud de determi-

nacións hestóricas, xeográficas e psicolóxicas, que é diste xeito coma se nos presenta no seu ambiente, considerado iste de fora adentro até localizar ao individuo filosofante, si val a imaxe, do xeito coma as ondulacións concéntricas da yauga nos permiten precisar a irrupción dun corpo no líquido.

O ambiente cultural non o consideramos como algo illadamente valente, coma propón Müller, senón máis ben unha resultante do factor hestórico e do xeográfico. Do xeito coma o espírito xeométrico de Aristóteles sería un fenómeno imposible no ambiente tradicionalista e barroco do Celeste Imperio, e a unidade filosófica de Descartes unha frolación absurda na Edade Meia, xeográfica e socialmente un mosaico, de un tipismo abigarrado e presidida pola mística, o dogma e a inxenuidade; resulta Gautama Buda a máisima encarnación da espiritoalidade hindú, fanática de pureza e misticamente panteísta na suprema aspiración a se perder no nirvana, vitalismo eterno e indiferenciado, e son, asimesmo, os profetas de Israel as águias vixientes, as intelixencias diáfanas e previsoras que aconsellan a súa conduta política a un pobo forzado, coma unha cuña, entre dúas civilizacións antagónicas. É chocante tamén, por exemplo, o contraste entre a heroicidade defensiva dos pobos sedenta-

rios — Guillermo Tell — cheos dun senso humano de responsabilidade, coa procaz acometividade do lexendario bandido de Bagdad, que encarna ao heroi nómada. (Neste aspecto somellan os pobos sedentarios aos herbívoros, cuas armas son más ben aptas pra a defensa, frente ao equipo dos carniceiros dispostos pra o ataque. Os primeiros se salvan somentes perante o instinto social; isto é importante) (1).

Descendendo dos cumes da individuoalidade á consideración do pobo, ao factor psicolóxico racial-nacional, parécenos o axeitado consideralo dende o esceario xeográfico no que se desenvola e pol-o que é condicioado.

Decote temos ouvido falar do ambiente maravilloso de Grecia que favoreceu o que «un día, nunha praza ateniense, descubrira Sócrates a razón». O cerebro, na crariedade daquel ambiente, tallaría as súas construccions con aristas tan vivas como as que a Iuz descubre na xeométrica arquitectura que aló ten froleido. (Xa se ten engadido que iste ambiente foi un momentáneo excitante da enerxía acumulada polos arios nas umbrias florestas, parellamente ao caso extremo da India). Pero as terras meridionaes, soleadas, excitadas de aromas e de alcohol, son terras de paixón irrefreada, frente á tenrura, a melancolia, e, a un tempo, a tenacidade dos países atlánticos, húmedos, xugosos, e, continuando o símil, constantes como agota d'auga. Frente á rixidez mística da parameira, aluvianada e a un tempo agobiada de luz, realizada de crariedade e a un tempo rutinaria no seu sempre brillante aspecto, topamos o humor, a variedade espritoal insondábele dos países atlánticos onde as nubes (non tan abafantes coma moitos parvos din) ao xeito de cortinas manexadas por un artista inenarrable, dispondo ao seu capricho a luz e a soma na terra, arrincan as formas e á coor toda a sua multiforme varieda-

de, e onde a brétema, esfumando os contornos ou alonxándose, escenifica a paisaxe convirtíndo-a en meras siluetas, escalonando os pranos, contrafacéndo-a en irreales fantasmas, borrando a base dos promontoiros coma se fosen ingravida nubes e non pesada terra, eliminando totalmente un sector ou a natureza inteira, ou, ao se desvairar, deixando que a luz acuse rexamente todol os rasgos. E hai ainda outros días, de brétema imprecisa, nos que o ambiente é cristañeo coma se toda a paisaxe estivera sumersa nun mar de escaso e areoso fondo. A yauga pulverizada na atmósfera é coma un aparato de óptica indefinible na súa naturalidade e compredade, a un tempo, que en só momentos tan pronto acerca as lonxanas ribeiras facéndo-as perceptibles en todol os seus detalles e matices, como as esfuma en inaccesíbeles lontananzas.

As formas eisi, ainda coa mesma perspectiva, non nos amostran un só aspecto, multiplicanse e sustitúense a si mesmas e adquieren unha vida e un movemento, unha elasticidade, que se non poderían adiviñar nunha atmósfera eternamente despellada. Eisi o espírito que contempla ista multiforme, varia e tránsfuga natureza adequire a amplitud de criterio máis oposta ao fanatismo estepario.

Findando de faguer iste contraste achámonos en condicións de comprender por qué unha raza nómada, vivindo en desertos coma os tuareg, ao ser sometida a un cambio non xa tan rudo coma o anotado, ao avanzar os hebreos dende a Arabia pétreas, i-en xeral toda a ancha franxa desértica en que aquela está comprendida, cara a Canaán, fuxindo da fame de terra adentro para se asomaren ao mar; ao contraste ante a aspereza, a sinartrosis espritoal do deserto, e a dozura, abundancia e facilidade do clima mediterráneo, sufre iste pobo unha trascendental metamorfosis e unha conseguinte conmoción política pola inadaptación ás novas condicións. Con istas premisas podemos tamén considerar o comunismo produto típico dun país de estepas — proclive ao misticismo, á difusión da individuoalidade — naméntras que un país de penichao, de variábel escorzo, de accidentes habitábeles,

(1) Galicia non tivo nunca unha unidade política de acción. O tipo de poboación en concentracións urbanas impón a coavivencia social, a unidade cidadá de acción. O tipo de poboación galega eminentemente diseminada, conduce ao individualismo. Compre que a profesión dun credo común, dunha cultura galega, sirva de catalizadores pré-síntesis das nosas actividades espritoalas. A nosa unidade de acción tense de basar nunha unidade cultural superior ao sempre contacto de corpos que supón a concentración urbana.

se por engado é fértil, tenderá inevitabilmente ao minifundio; porque na estepa, rasa e uniforme, perdurará o espírito gregario de negación do eu, mentras no val e no cotarelo, costa artellada e penichao rugoso, prende o amor á terra, a comunión individual coa paisaxe. Na terra lisa, coma nun espello convexo, a luz do espírito dispersase; na terra cóncava, en troques, os feixes son aferentes ao espírito, a individualidade, onde converxen infinidade de vivencias. (1)

A terra árida e chan, é, fatalmente, terra de espellismos, de paixón, de fanatismos; de procaz rudeza (2) e de franqueza si se quer. A terra húmida e cóncava, é terra de humor, ás vegadas de melancolia (a etimoloxia é sorprendente), de panteísmo, refresiva, racionalmente tenaz, tendente ao sincrétismo, á sutileza...

Mais a multiformidade da paisaxe atlántica denantes esposta infruiu decisivamente nas vicisitudes do noso espírito e na súa complexidade: etapas de uniformidade alternando con momentos de revolución; pléthora e depresión; tensión e languidez; nervios e serenidade; frío positivismo e morna

(1) O espírito rural, involucionado, que ista aperta ante o home i-a terra podería orixinar, áchase longamente contrapassado no noso chan polo scénio influido do mar: ancho é o mar e non rixido nis fixo; é unha amplitud dinámica, vital e perigosa; pra sulcalá compreter con elas o longo namoro — alegría e dor — unha raza vella, aventureira e cautelesa.

A seguranza, a fixez, da amplitud esteparia, podería inspirar en troques — fastigada, ademais, por un crácor alucinante — o aventuriero todo, desatado, do nómada.

(2) Velah en dúas verbas o feito diferencial no goce: «chuleira» vs. «coha».

saudade; entusiasmo paradoxicamente combinado con escepticismo. Son as famosas arroutadas célticas anotadas por Xulio César. A refreixaón atlántica, a tenacidade racialista — extremo nun país bilingüe — non son, pois, unha posición cómoda e habitual, senón que teñen de se exercer sobor dunha vida atormentada (4), magnamente creadora sabendo encauzar a súa puxante palpitación perante a disciplina, temprándoa no ascetismo, forxándoa no exercicio, aluméandoa co coñecemento. Antena sensíbele a total as ondas, rexistro do palpitir da humanidade, non isolada ao xeito de cidade pecha (Mediterráneo), mais en comercio coa natureza: cume no chan, irradiante dos sinxelos vicios!

Ben está o humor pras calamidades irremediábeis, por aquello que dicia Sancho: «as tristezas se non fixeno pras bestas, senón pras homes; mais se os homes as sinten demasiado volvense bestas»; mais o humor é no fondo un sentimento amargo e negativo ao que lle debemos pechar a entrada cando sintamos que en nós esperta a arroutada, a marea constructiva do entusiasmo, i entón a nosa vontade debe servir de dique que manteña a tensión namentras a obra se non remata.

(3) Ista fervenza interna, contida polo tenacidade refresiva ou polo humor, foi variamente interpretada de xeito erróneo, ou como carácter ter pouco varonil ou, mais facilmente, valéndose do tópico, coma compreno de inferioridade. A realidade áchase más exactamente representada por un corpo mozo, palpitante de todos os impulsos, suxeito a unha alma de vello, experimentada i-esceptica, a alma dun pobo flautero.

Home:	CULTURA:	ESPRITO:
Pobo:	HISTORIA:	TEMPO
Paisaxe:	XEOGRAFIA:	ESPACIO

*Mediterráneo*: Sistema, arquitectura (no espírito Grecia, no político Roma), círculo fechado, infreabilidade. O home mediterráneo ten a súa expresión no «oikos», o recinto, a cidadela e a praza, o xardín, o artificio humano fechado á natureza.

Luz permanente, estacións de uniforme ritmo. Tudo aparece reglado, perfilado, delimitado, craro e coma se non poidera ser doutra sorte: Nasce a convicción, a suficiencia.

Vida fácil i encarrilada, cuia acomodación castra unha actividade espiritual fonda; en troques chan propicio a explosión (India, Grecia) das reservas potenciais da alma de razas forxadas en crímenes de meirande rudeza (bosques umbrios de coníferas e árbores de

folla caduca), das razas nórdicas forzadas a unha grande actividade manual, base pra o desenrolo espiritoal a que o lecer permitido por un crima más fácil as impulsa.

*Parameira:* Borracheira de luz, extremos escitantes de calor e frío; paixón brutal, misticismo; eistremos de miseria e botín nas razzias que constitúen a súa actividade política mais típica. Vida parasitaria sobre das culturas sedentarias, das que, aparentando rexilas, nútrese.


*Atlántico:* Espírito compreexo, constante, fluido, axitado e barroco, mais envolto na brétema soave do humor; espirto en que todal as direccións se concentran e chegan a se manifestar. Non hai contradicción ao atribuir aos atlánticos ista constancia e señalarles por outra parte unha grande comprexidaxe e fluctuación espiritoal. O simil mais aproisimado sería unha fonte deitando a chorros intermitentes, unha corrente alterna. O Mediterráneo sería a corrente continua (en tanto lle dura o manantial nórdico), e a estepa as explosións esporádicas.

Ademais, estas enormes oscilacións espiritoales do neno-vello atlántico, ocurren na vida interior, están contidas, non trascenden ao exterior que procura conservar un aspecto de indiferencia, como a brétema encobre o eterno dinamismo da natureza.

—

Grecia é a representación pura do Mediterráneo, en Roma a combinación con un sospeitado espíritu de estepa (o da loba totémica) da o tipo duro de doméñador-orgaizador, España é o imperio fugaz, impráctico e apaixoador do nómada, Inglaterra representa o espirito dúctil e constante do Atlántico.





## PÁXINAS HISTÓRICAS GALEGAS

# UN INTRESANTE LIBRO DE FORMADO DA CATREDAL DE MONDOÑEDO

Pro querido amigo Fermín Bouza-Brey Trillo, dno Xuez de 1.<sup>a</sup> Instancia da Estrada, historiador e poeta galego i-entusiasta das cousas mindonenses.

O Ilmo. D. Diego de Soto e de Valera foi, sin desputa, un dos perlados mais autivos i-espréndidos d'esta ilustre Sé de San Ro-sendo, que tivo comenzo na vila de Mindu-metun —actualmente San Martiño de Mon-doñedo, en Foz— despóis do ano 866 e antes do 877.

Naceu en Valladoli; era fillo de D. Luis de Soto e de D.<sup>a</sup> Catalina de Valera; foi trece anos Oidor das Cancellerías de Granada e de Valladoli; estivo de coengo en Palencia e d'Arcediao en Santiago; tomou posesión da diócesi en 1546 e finouse o 24 do mes de Nosa Señora do ano 1549, sendo enterrado frente do cancel da porta maior da Catredal.

Moitas e importantes obras foron as que fixo no pouco tempo que gobernou a diócesi. Executou varias na Catredal; construiu a actual fonte Vella e unha cárcere; terminou de redifesar o pazoiscopal; abriu ventás na fortaleza do Castro D'ouro e trouxo a imprensa a Mondoñedo, na cal, no 1550, Agostin de Paz imprimiu *Descripción del Reino de Galicia*, do Lc. Molina, coengo mindonense; e *Herarium commune utriusque juris, per Joanne baptistam, i-en 1553, Cologios Satrificos*, de Torquemada (1).

Foi familear do Sr. Soto, o coengo Simón López de Frias, home de sabencia, que deixou esquiro un libríño, que se guarda no arquivo da Catredal, en verbo a diócesi.

Iste libríño está cuberto de coiro grabado

da época; compõe de 50 folios de 21 por 15 centímetros e contén moitas e cursidosas noticias, todas inéditas, agal-as que falan do pontificado do Sr. Soto, publicadas pol o P. Flórez nas páxinas 230-33 do tomo XVIII da «España Sagrada», ó cal trata da Eirexa de Mondoñedo.

Isas noticias refirense ós asuntos siguientes, entre outros:

Sinodo diocesano, adevocación da Catredal, distribución do Coro, ofícias da Eirexe, parroqueas, mosteiros, ermida principais, vasallos, xurisdicções e rendas da Dindáiscopal, terras e vilas principais, alugueiras d'Audencia Real, da metropolitán de Santiago, da Cancellería de Valladoli e de solicitudes a Roma; preitos da Mesaiscopal, gastos da casa do Bispo, libros de contas do Bispo, feitos do pontificado do Sr. Soto, visita de D.<sup>a</sup> Teresa Enriquez, reverendas i-ordenadas Sé vacante e «Relación antigua en que están tasadas en Roma las iglesias de España».

O prólogo está datado en Valladoli, o 1 d'Outono do 1550; ocupa os tres primeiros folios e atopase dirixido «Al muy Ilustre e Reverendísimo Señor don fray Francisco Venavides Obispo de Mondonedo del consejo de su m.

N ill, despóis de faguer unha reseña histórica da diócesi —cometendo errores— e de loubala, dí:

•Todo lo dicho y mucho más q en loor

del obispado a V. S. se podría decir se trae a fin que lo estime y ame mucho y haciendo esto V. S. lo refida porque só imnumerables los bienes q desto se sigue».

Dí tamén:

«Todos los vasallos y súbditos de V. S. tenemos a muy buena dicha tenelle por señor y prelado teniendo por muy cierto é todo lo q fe ofreciere nos hara med y favor como de quien V. S. es con justa razón se espera. Deseando servir a V. S. hice este quaderno que trata de las rentas y obispado de Mondonedo y de algunas cofas q el Obispo mi Sr. hizo y otras que dexo encomendadas».

Pón de relieve os grandes méritos do señor Soto, manifestando que todos os bispos xuntos non fixeran tantas obras coma il e que o Sr. Soto «trataba de libertar la Ciudad», ou señala librada de peitar; e remata da maneira seguinte:

«A quien (o Bispo Benavides, sucesor de D. Diego de Soto) supco perdona mi atrevimiento y reciba este pequeño servicio por muestra de mi deseo y en lo que estuviere errado V. S. lo mande enmendar pues abrasiado por ignorancia y no por malicia. Guarda n. S. la muy Ille. y Rma. perfoma de V. S. en aquel eftado que nos convenga para salvarnos».

Despós do prólogo, aparece unha folla que contén un plano do bispado, feito a pruina. Na testa d'iste prano figura a ria de Ribadeo, límite coa diócesi d'Oviedo, e dous pobos asturiáns, que deben ser Castropol e as Figueras; aparecendo Castropol, con castelos. Drento do prano, óllanse gráficos da chantría de Ribadeo, cuia vila está entre castelos; de dos dous pobos, que serán Foz e San Martiño de Mondonedo; do deanazgo do Valadouro; de Mondonedo, que s'atopa amuralado en forma cadrangular, con unha torre en cada esquina; da mestrescola; de Castro de Rei; dos arcedianatos de Azúma-ra, Viveiro, Montenegro, Trasancos e Melide; do Ferrol e d'outros pobos.

Vexamos agora algunas das cursidades d'este libro:

#### ARCEDIANATO DE MELIDE

En verb'o arcedianato de Melide, creado pol-o Bispo D. Diego de Soto, dí Frias:

«El Arcediano de Mellid ef obligado a refidir un mes cada año en la iglesia de Mondoñedo y sino la mitad de los frutos de su dignidad son para la fábrica».

#### RROVISOR E ALCALDE MAOR

O Bispo «sentía mucho la gran necesidad que ay e.. el Obispado de Mondoñedo de que el provisor y alde mayor seá buenos letrados por q de otra manera ellos y los oficiales robá la tierra yerran los negocios defruyen los vasallos y todo en prejuicio de la conciencia y honra del pueblo».

#### OFICIAIS DA EIREXA

Os oficiais da Eirexa eran un maordomo de rendas, un alférez (2), un obreiro e un barbeiro.

#### NOSA SEÑORA DA GUADALUPE E O APÓSTOLO SANTIAGO

No bispado de Mondonedo era más popular Nosa Señora da Guadalupe qu'o Apóstolo Santiago, pois ollamos que a «impetrada primeira producia 4.000 maravedis ó ano e a do Apóstolo, 3.000».

O Bispo D. Diego de Soto, pol-a gran devoceón ó Apóstolo e a Virxen, non levaba istas «impetas».

#### MOSTEIRO DE SAN FRANCISCO DE VIVEIRO

Frias pón iste Mosteiro en Ribadeo.

Dí: «Este monasterio en el año de mill y quis y quarenta y ocho as fue por prouision de su md y a suplicacion y pedimento del obispo mi sor don diego de Soto visitado y reformado con tanto rigor que pufo gran miedo en los otros monasterios del reyno de Galizia que de semejante reformatio fe temian. Fueron todas las monjas del dho monasterio fuera excepto dos vna hija de doña Constanza (3) mujer qe fue de un Cavallero principal llamado... y otra vieja portera de setenta años las quales dichas monjas fueron llevadas a diversos monasterios de fu ordé y al dicho monasterio de Ribadeo fueró

de otras partes traídas escogidas otras; a las quales el obpo mi sr les daria cierto trigo y dineros de limosna qe le parecia bue-namente baftaria para la sustentación del dho monasterio los ocho meses del año y con la renta del dicho monefiterio se sustentarian los otros quatro porque con esta ordé cefaría los inconvenientes pasados de q dezian ser caufa su grá pobreça».

#### O BISPILLO DE SAN NICOLÁS

Tiña o Cabildo un trebuto ou memoria «que llaman del Obispillo de San Nicolás; y es que haziendo en el coro de Mondoñedo las víperas de San Nicolas el dho Obispillo cuando despues va el dia de los inocentes con su Deán y Chantre, Alcalde Mayor y alguacil y tres pajes, todos con sus cabalgaduras y dos lebreles, salenle a recibir el Abad y monjes y convento con mucha gente del pueblo; y con esta solemnidad entra en la iglesia del dicho Monasterio, y despues de dicha la misa mayor, el Obispillo se sube al altar mayor y da la bendición».

Logo, o Abade e monxes «le llevan a el y a los que con el van (que son siete sin su señoría) al refitorio y les dan una buena comida y cebada para ocho cabalgaduras y pan para dos lebreles. Acabada la comida le pagan el antiguo tributo que es sesenta mrs. de los viexos que valen agora ciento y cinco de los nuevos».

#### NOSA SEÑORA DA PONTE E NOSA SEÑORA DE VILLASELÁN

As ermidas de más sona eran Nosa Señora da Ponte, da Chantría, na actual parroquia de San Pedro d'Arante, e Nosa Señora de «villasilán en el campo de Riuadeo, allí se hace feria el dia de nra Señora de Marzo».

#### SAN MARTIÑO DOS PICOS

San Martiño de Vilalourente ou dos Picos era entonces parroquia.

O librero di:

«San Martiño de los picos junto a la ciudad e feligresia por si».

#### A FORTALEZA DO CASTRO D'OURO

«Hay en el obispado la fortaleza del Castro de Oro que el cámara de V. S. a donde está la cárcel mas fuerte dase de salario al Alcaide 3.000 maravedis y el muy poco y así està ella muy mal servida siendo la mejor cofa que tiene el Prelado despues de la ciudad».

#### SAYOANE

Esi parez chamada a hoxe aldeia de Seivane (4), na rilleira de Cesuras, parroquia de Nosa Señora dos Remedios de Mondoñedo.

A renda de Sayoane producía à Diniñaiscopal 8.000 maravedis.

#### AS FERRERÍAS DE SANTA MARÍA MAIOR E VILOALLE

A ferreria de Santa María Maor valialle à Mitra 6.000 maravedis. Os quintos das veñeiras d'ela, 1.100, e a ferrería de Viloalle, 9.000.

#### O XUZGADO DE MIRANDA

Ribeiras de Miranda era o millor xuzgado que «provee V. S. porque conoce en primera instancia».

#### SAN MARTIÑO DE MONDAÑEDO

Falando de San Martiño de Mondañedo —onde estivera a Sé e más tarde houbera coengos segrares de San Agostín—, escribe Frías:

«y por q esta iglesia fuese mejor servida el Obipo mi señor traxo allí los frailes franciscanos, que han de ser ocho y asentó entre ellos y el Cauldo de Mondoñedo ciertos capítulos por los cuales el Cauldo les dio y entregó la posesión de la iglesia».

#### VICINOS DO BISPADO

O bispado tiña 15.000 vecinos, dos cales

4.202 eran pecheiros ou vilaos i-os domais, fidalgos.

### SEÑORÍOS XUR'SDICIONAS

A Mitra tiña seis mil vasallos, pouco mais ou menos, e xurisdición civil e criminal en Mondañedo, Vilamor, Viloalle, San Martiño dos Picos, Cabarcos, Reinante, San Miguel, metá de Benquerencia, San Cosmede, Villaronte, San Martiño de Mondañedo, Foz, Fazonro, Nois, Currido, Cangas, Burela Rua, a Rigueira —onde había «muchos puercos braus»—, Castelo, San Cebrán, Sumoas, Salgadelos, Bares e Mogor, Grallal, Landrobe, Santa María Maior, Cesuras, Sadónigas, Bretoña, a Guardia, Fonmiña, Ribeiras de Miranda, Villaformán, Sante, Labrada Sexeriz, San Martiño de Corbellé, San Simón, couto de Oleiros, monte do Xistral, Ribeiras de Lea, San Xorxe do Cadramón, o Pereiro, couto de Muras, couto de Aldixe, Villacampa i-o Valadouro.

### ECCRIBANÍAS

Tiña a Dinidáiscopal as siguientes escribanías:

A da Audencia do Provisor, que valía 1.000 maravedís, ia do Alcalde maior, 8.000.

Os escribaos estaban obrigados a facer de valde as escrituras e contratos do Bispo e da Mesaiscopal, io que o «Provisor y Alcalde mayor hiciere de su oficio o a petición del fiscal».

A escribanía do couto de San Martiño de Mondañedo, que rentaba 800 maravedís, ia de Candrove, 600; a de Bares e Mogor, 500; a do Castro Douro, 2.500; a da Terrachá, 850; a de Nois e Cordido, 750; a de Grallal, 200; a de Costas de Monte, 400; a de Bretoña, 750; a do couto de Villarente, 1.200; a do calendario de San Cebrán, 500; a de Ribeiras de Sante, 900; a de San Cosmede, 400; a de Costezuelo, 300; a do couto de Muras, 400; a do couto de Cabanos, 300; a do Val de Lorenzana —que levaba on foro Maior García Rey, en 306; a do couto de Oleiros, 250; a do couto de Aldixe, 250; a de Castromayor, 170; a de Ritosto, 200; ia das Ribeiras de Miranda, 8.000.

### XANTARES

Os xantares da Dinidáiscopal eran:

Argomoso, Léndin, Santiago de Foz, Bretoña, Riotorto i-Aldulfe, Couxela, Villaosende, San Miguel de Reinante, Curros, Santa Cecilia, Benquerencia, Vilamor, San Cosmede, Santo Andrés de Masma, Seoane de Villaorient, San Martiño de Mondoñedo, Santo Tomé e Recaré; Montouto, Budíán, Fanoy, Fayanes, Quende e Aldixe.

### O XISTRAL (5)

En verbo o monte do Xistral, que se atopa no concello de Muras érguese a 1.037 metros sobre nivel do mare, di o libro:

«El buen monte del Sistral del cual nace quatro ríos (6) caudalosos; y es muy visitado de franceses y del lleva muchas diferencias de yerbas».

### OS CERVOS

Nas longas fragas de Rua, do actual concello de Cervo, había estonces —e ainda se ven algúns— fatos de cervos.

Dise no libro:

«En Rua ay muchos venados como parece por una información q<sup>e</sup> se hizo contra los vzs della q<sup>e</sup> en quince días mataron cincuenta venados».

### LOITOSAS I-ADVENTADIZOS

Por razón de loitosa, o Bispo, cando se finaba algúna dinidá, cobraba a mellor cabalgadura do defunto; «y si no la tiene ha de pagar dos marcos de plata, y el canonigo un marco y el racionero medio marco y otros clérigos del obispado pagan la cabalgadura y la mejor ropa de las que tienen y de cada cosa de sus bienes muebles una de las mejores».

Pro nos arcedianatos, os arcediaos cobraban a loitosa. Os xueces do Bispo, inda que fosan fidalgos, cobrábaselles a cabalgadura.

A renda dos adventadizos consistía no gado que non tiña dono e nas cousas que «dan al traves de la mar aunque sea una

nao que valga 4.000 ducados, como sucedio en tiempo de D. Antonio de Guevara».

#### PESCA DE BALEAS E SARDIÑAS

Era estoncés importante a pesca de baleas na costa da provincia de Mondoñedo, especialmente dende Foz (7) a Bares.

Di Frías: «Ay otra renta muerta que se llama de los balleneros vizcaynos q vienen a matar las vallenias a los puerios del obispado, suelen pagar veinte y cuatro du's. esta renta dio el obispo mi ss. don diego de soto a la fabrica de Mondoñedo y esta confirmada por el papa y fue para conferuacion de tan buena memoria como hizo en la Sacristia nueva y recado q enella se da a la iglesia de Mondoñedo».

Falando de San Ceprián, manifesta: «Sn Cebrian, puerto de mar. Aquí mueren vallenias».

Di tamén que en Bares morren «vallenias y puestas encima del monte muy alto q allí ay el qual está metido en la mar es cosa mucho de ver matarlas».

Da pesca da sardiña, escribe:

«Hay una renta de los que vienen de fuera a pescar sardinas, pagan al prelado aquello que se conciertan con el mayordomo de las rentas y esta licencia se les da con que no coxan el Gueldo q es cierto cebo del pescado y desto solian quejar los usallos y huuo pleito sobre ello».

#### RENDAS DA MITRA

As rendas da Mitra, ordinareas e extraordinareas, importaban un conto 76.409 maravedis, ou seña 31.632 maravedis.

#### PREITOS

Os preitos que tiña a Mitra eran:

Un co Marqués de Sarria e seu fillo D. Pedro, Conde de Villalba, «sobre los Bodos de entrábas aguas y sobre s martino do porto y sobre el fuero de mellit». Estaba concurso en definitiva, en maus do relator e posto na tabra.

Outro, co Conde de Altamira, pol-o couto

de Xornes e Buria; outro, por nova demanda posta por D. Diego de Soto a D. Xan de Guevara «porque no entregaron al obispo mi señor las escrituras y recados tocantes al obispado las cuales el dho Don Antonio de Guevara (8) —antecesor de D. Diego— recibió de D. Gerónimo Suárez obispo (9), así mismo pide el dho D. Juan de Guevara mas de 2.000 ducados de daños que recibió la Dignidad episcopal por razon de muchos fueros que hizo el dho D. Antonio de Guevara y de los daños que en su tiempo recibió las casas y fortalezas del dho obispado. Por mandado de los señores Presidente y Oidores tiene depositados para este pleito el dho D. Juan de Guevara 300.000 mrs».

Outro con D. Xan de Guevara pol os bes dunha nao que deu ó traves en terra do Bispo.

Outro co Concello de Viveiro, «sobre la elección de ciertos alcaldes q<sup>e</sup> allí solian poner los obpos de Mando». Iste preito era por nova demanda posta pol-o Sr. Soto.

Outro, co Vizconde de Altamira por «seis feligresías de Galdo, Juaces y otras». Había sentencia mandando devolver o Bispo as ditas terras, con frutos e rendas de case cuarenta anos. Os vasallos destas terras eran unhos 350.

E outro, con Marica Díaz, vecina do bispo, por «ciertos fueros».

En todos istos preitos era letrado o Licenciado Atienza e, en algúns, o Lc. Santa Cruz. O procurador chamábase Fortunio de Isaje,

#### GASTOS DA CASA DO BISPO

O gasto da casa do Bispo era de 250.000 maravedis ó ano.

Os alugueiros dos criados sumaban 102.250.

Outros alugueiros e gastos, 111.250.

Dempués de quitar os gastos, quedaban 612.099 maravedis.

#### CREADOS DA CASA DO BISPO

Os dependentes e criados da casa do Bispo eran un maordomo e maiestresala, un camareiro e concrador, un sacretareo, catro paxes, un reposteiro da prata, un mozo da

prata, un despenseiro e alacayo, un mozo da cociña, catro alacayos que servian por semanas de porteiros na sala do Bispo; un ace-mileiro, un mozo de mulas, un hortelán, un barbeiro i unha lavandeira.

Ó hortelán dábassel de alugueiros 2.000 maravedís e axuda de obreiros cando tiña falta diles; io camareiro coidaba «de le proveer de simientes de ortaliza de castilla y si era menester de nuevos arboles».

#### O ESPELLO DA CATREDAL

Simón López de Frias, o cital-los feitos do Bispo Soto, dí:

«Hizo mas grandes las dos ventanas de la Iglesia, y en todas ellas y el espejo puso ventanas» (1).

#### A FONTE VELLA

Era estoncés unha poza que pol-o brau quedaba cuasemente sin auga.

Tocantes a ela, escribe Frias:

«La ciudad tenía una fuente de muy buen agua hecha a manera de valsa, algunas veces se agotava, el obispo mi sr. hizo hacer otra mas abaxo con *quattro caños* los dos de tornillo por lo qual nunca falta agua, y es de las mejores fuentes que ay en el reyno de Galizia, delante de ella hizo hacer una plaza y gradas para baxar a la fuente».

#### VISITA DE D.<sup>a</sup> TARESA ENRIQUEZ

«Esto es que dicha señora dexo entre otras buenas memorias en Torrijos doscientos mill mrs de renta en cada nn año los cuales se gastan por mano de un visitador que del cabildo sale en todo el obispado ha visitado un año alguna parte del y en las iglesias mas pobres del repartido muchos ornamentos,

corporales y caxas de plata para el Santísimo Sacramento y otras cosas.

#### TASA DAS EIREXAS DE ESPAÑA

Asegún a «Relación antigua en que están tasadas en Roma las iglesias de España», a de Mondoñedo estivera-o en 1.500 ducados i estaba-o en 2.600; a de Tuy estivera-o en 650 i estaba-o en 4.000; a de Lugo estivera-o en 1.000 i estaba-o en 2.500; a d'Ourense estaba-o en 5.000; a de Oviedo estivera-o en 1.600 i estaba-o en 5.000; a de Santiago estivera-o en 4.000 i estaba-o en 20.000; a de Calahorra estivera-o en 1.300 i estaba-o en 14.000; a de Osuna estivera-o en 1.800 i estaba-o en 12.000; a de Segovia estivera o en 1.320 i estaba-o en 12.000; a de Burgos estivera-o en 2.400 i estaba-o en 2.000; a de Palencia estivera o en 2.000 i estaba-o en 12.000; a de Cuenca estivera-o en 500 i estaba-o en 18.000; a de Cartaxena estivera-o en 440 i estaba-o en 12.000; a de Xaén estivera-o en 1.000 i estaba o en 14.000; a de Córdoba estivera-o en 500 i estaba-o en 12.000; a de Avila estivera-o en 700 i estaba-o en 8.000; a de León estivera o en 1.500 i estaba-o en 8.000; a de Tarragona estivera-o en 1.000 i estaba-o en 5.000; a de Xerona estivera-o en 1.400 i estaba-o en 5.000; a de Mallorca estivera-o en 1.200 i estaba-o en 4.000; a de Cdlas estivera-o en 150 i estaba-o en 5.000; a de Segorve estivera-o en 300; a de Badaxoz estivera o en 300 i estaba-o en 12.000 e Córrea estivera-o en 230 i estaba-o en 13.000.

De modo e de maneira que Mondoñedo, que tivera mais taxa que Tuy, Lugo, Calahorra, Segovia, Cuenca, Cartaxena, Tarragona, Xerona, Mallorca, Cais, Segorve, Badaxoz, Córrea i outras eirexas, quedara con menos que elas, agás a de Lugo.

DUARDO LENCE-SANTAR E GUTIÁN,  
Cronista de Mondoñedo.

#### N O T A S

(1) La imprenta y la prensa en Mondoñedo.—Trabajo noso.

(2) Asegún D. Modesto Lafuente, na sua «Historia de España» —t. VI, cap. V, páx. 336— os galegos, o anno 1488, bateron ces mourros, como lobos, acarón de Gibralfar, pondo seu estandarte, e un coco, un alférez de Mondoñedo.

•Las Insignias de Mondoñedo.—Trabajo noso.

(3) «Esta señora fué Sra. de los cotos de Silán y Codesido y fue mujer de Rodrigo Díaz de Audrade q se halló en la gue.rra de Granada y allí murió que fue señor de la casa de Sr Pantaleón, juntó a Belanzos, trusabuela de Dn Juan de Andre, y Fijardo Sr, que es hoy de la dicha casa y cotos dhos de Silán y Codesido». (Copia en una hoja de papel y parte de otra, en letra pequeña y metida, de los primeros años del siglo pasa-

do de un manuscrito antiguo, que trata de la villa de Vivero. Propiedad del que esto escribe.

•López Ferreiro y otros historiadores confunden a dicha señora D.<sup>a</sup> Constanza con D.<sup>a</sup> Constanza de Castro, hija del Mariscal Pedro Pardo de Cela, inmortalizada, en unión de su esposo Fernán Ares de Saavedra, en el castillo de Vilasjún —en San Martín de Pino (Cespeito-Villalba)—, y no en Foz —como dicen López Ferreiro y otros— donde falleció luchando contra las tropas reales de D. Diego López de Haro. •Páginas Históricas Gallegas. El Mariscal Pedro Pardo de Cela. La Santa Hermandad, pol-o que esto escribe; T. L.—Este libro non se puxo ainda á venda.

(4) O Cabildo, no Santiago do 1562, aforou o sonado coeno Lc. Molina —autor do libro *Descripción del Reino de Galicia*—, durante a vida d'el e a d'outras tres personas, o Pazo de Selvane co-as suas casas, torre, corredor, heridades bravas y mansas, arboles, huerta y Pumarega. Dito pazo, chamado hoxe Casa da Torre, foi de meu señor pal, Agustín Lence e Santar, de quen en herde moiadas das terras que foron do Pazo, antr'elas, a curtiña da Torre, ond'esta s'ergueu.

•Guía Histórica de Mondariz. —Libro inédito noso.

(5) Dice en Mondariz que a noite de San Xuan, total-as meigas d'esta comarca, do Vale da maríña, axuntanse no Montadai, intiante de touciño e, mesm'as dal-as doce, d'acabalo de hasoiras de xibarda e collidas pol-a mán esquerda, de duas en duas, passan por diante da casa do Villón, en Rego de Cás;

ruben a Infesta, beben auga na fonte d'Espitareao e guindanee no Xistral, onde co-as do Valadouro e outras partes, fan o reparto das moças e paixas pr'o novo ano.

(6) O Lundro, que forma a ría de Viveiro; o Masma, que rega o val de Mondariz e forma a ría de Foz; o Ouro, que pasa pol-o Valadouro e forma a ría de Fazouro, e o Sor, que forma a ría de Santa Marta d'Ortigueira.

(7) Por escritura de 6 de Marzo do 1649, ante Tomás Sánchez de Moscoso, Domingo Ramos de Cabañas e Ana González de Ribadeira, mulher do mesmo, vecinos da parroquia de Foz, venderon a Simón Díaz Gutiérn e Saavedra, Cura de Foz, «la sexta parte enteramente do puerio y rego de Foz de la pesca y matanza de dhas ballenas con su armación».

•Las ballenas en la costa de la provincia de Mondariz. —Trabajo inédito noso.

(8) Fr. Antón de Guevara (1587-1645), o sonado autor de «Marco Aurelio o Relox de Príncipes», «Menosprecio de Carter», «Monte Calvario» e outras obras. No 1910 gardabase no arquivo da Catedral, un sello en cera, de Fr. Antón.

(9) De modo e de maneira que o espello non é feitura de Soto, como asegura o P. Flórez no tomo XVIII, pag. 222, da «España Sagrada», cando escribe:

«Sobre el arco de la puerta puso un espejo muy grande, que da mucha claridad a la nave».

Por certo que Villamil e Castro, Murguia e outros historiadores copilaron o dito pol-o sabido agostino.

## M I T T E L E U R O P A

(Proseguimento de Da Alemania)

por VICENTE RISCO

### II VIENA

#### NO TRABALLO

Erguinme cedo pra ir ao Museu Folklórico. Collin un carro eléctrico, na mesma Karolina Gasse, que me levou direito à Landongasse, por rúas barulleiras, ledas e de casas vellas as más, con moita tenda, moito bazar, d'essas que deixan unha impresión kalcidoscópica, confusa, mais que se lembra sempre: pecha un os ollos, e está ali.

Baixei, dín co Museu, merquei a entrada e más a guía, e rubin. Vin o dia aquil unha chea de salas. O Museu é moi bó, millor qu'o de Berlín e qu'o de Praga. Andaba collendo os meus apuntes —o falar d'estas cousas non é d'iste libro— acabouseme a tinta, e tiven que suspender os apuntamenios.

Entón perguntei a un dos vigiantes pol-o Prof. Haberlandt, e o vigiante encamifoume á Kanzlei. Havia ali unhas rapazas e uns homes traballando. Unha d'elas levooume a unha cámara longa e tristeira, c'unha mesa

longa e moiadas cadeiras, coma nos Seminarios universitarios, e sete ou oito almarios, dos que algúns tiñan a duas fias de libros e revistas en cada estante; despois, había duas mesas pra traballar, ond'as fenestras, e n'elas papeis, casilleiros, etc.

A rapaza entrou co-a miña carta pol-a porta santa atrás da qual traballaba o Herr Hofrat Professor Doktor Arthur Haberlandt.

Eu fiquei sentado, agardando.

Era já perto das duas, tiña fame e o tempo pasaba.

Emprincipiei por adentro a botar pestes, aldrajes, maldicíos, pauliñas e todos os demos do inferno e de más abajo s'os houbera, contra o Prof. Haberlandt, o Museu, Viena, Mitteleuropa, o Volkskunde, a Cencia, usw. usw.

Unha rapaza de antiparras qu'entrara a traballar; decatouse da miña impaciencia, sen dúbida ao reparar na cara qu'eu lle puxen, e quixome acalmar. Eu dixen que Ave

Ave María Purísima, que non tiña importancia, que non fatalba máis, que tal e que sei eu, e non me lembro máis.

Ainda pasou outro bó pedazo, e por fin abriuse a portá santa, e o Prof. Dr. Haberlandt aparecen c'unha cara leda d'oficiñista de pouco soldo, pregoume de pasar.

Já tiña allí a cadeira disposta pra mí, do geito protocolario descrito cando falei do Sr. Fadrus. Eu, coma já estou afeito, e já tanto me ten unha cousa com'a outra, senteime tranquamente, coloqueille o disco, oferçinlle os meus libros — non por nada, senón porque me pesan no equipaxe e quérrome ceifar d'iles canto antes —, dinlle os saúdos que pra il me dera o Dr. Boehm, de Berlín, e coma estaba enrabechado do que tivera qu'agardar, e o que quería já era marchar, en canto me deu pé, despedinme. Craro que, o que pol o istante me conviña era de que me deixara collar apuntes e dibuxos no Museu, e isto já o conseguira.

Cecais un istante de mal humor meu fose causa de non facer migas co Prof. Haberlandt, coma fixera cos Profs. Boehm, Balte e Jungbaner, que tanto me valeran.

O caso é que me fun jantar.

#### HESPAÑA E A CENCIA ALEMÁA

Ja vou coñecendo aos alemás, a cencia alemáa, e vou vendo moitos dos seus segredos.

Hespaña vive arrestora agionllada e chea d'admiración e de pasmo diante da cencia alemáa. Non hai dúbida qu'a cencia alemáa é unha cousa seria, un dos grandes valores da civilización oucidental, e ainda que s'acha arrestora n'un dos seus melhores instantes. Mais, hai razón pra iste escrusivismo germanista dos sabios hespañoles?

Isto sería o que habería que ver

Quero facer consilar que, se educado en libros franceses, a miña maneira de pensar e d'engergal-as cousas é moi más alemáa que francesa. Simpatizanme más as ideias alemás, e ainda calquera pode ver que manexo moitos conceitos básicos que me viñeron d'iles. Anco o que é auténticamente alemán, e por iso critico moitas cousas da Alemaña de hoxe que non me parecen respon-

der ao seu espirito. E ainda, se falamos de defeitos, ise que solen chamar a «pesadez germánica» ben se pode recoflecer tamén nos meus escritos, embora non teñan ningunha das boas calidades qu'enfeitan os dos alemás.

Vaia por diante a miña homage á Alemaña e á cencia e ao pensamento alemán.

Mais pol-o que toca ao qu'ibamos falar, o qu'eu vexo é que aos hespañoles todo se lles volve citar e más citar autores alemás, e nonos citan com'información, senón com'autoridade. Non son somentes as notizas, son as opiniós dos sabios alemás as que pesan na Hespaña, e as que non s'estreven a contradecir. E o que pode citar n'alemán, ou introducir unha novidade proviñente d'Alemaña, já coida que é un sabio.

Os alemás proceden d'outro geito: traballan ben, non hai dúbida (craro que todos cobran, ou pol-o menos traballan co a esperanza de chegaren a ganar dñeiro; non hai quen traballe por amor á arte, coma nós). Citanse preferentemente os tú aos outros, sempre que poden, con escrusión dos estrangeiros, e dan creto e valor a todo o que sexa feito por un alemán. Coñecen todo o que fan os demás que non son alemás, mais non se fían d'elo, nono dan coma feito, senón qu'o fan iles de novo, repiten o traballo coma se fora unha descuberta, ora que superando caxeque sempre os traballos anteriores. Se citan autores estrangeiros, é sempre com'información, e somentes en último estremo com'autoridade, cando non hai outro recurso.

Cecais o qu'acontez na Hespaña, non sexa que se admire de más a cencia alemáa, senón que se deixa traslucir de más o pasmo que nos causa.

Pode qu'a cencia alemáa, ainda descobertos moitos dos seus segredos, sexa efectivamente merecente d'ise pasmo, e más que nada, merecente de ser imitada nos seus métodos, e ainda n'algunhas concepcións fundamentais. Mais nono debéramos deixar ver tan parvamente, facéndonos tan pouca cousa, e dando aos alemás a satisfacción de sentirse os nosos mestres, e aos que non son alemás a idea de que vivimos de prestado. Habería que ser un pouquiño menos inocen-

tes, e sabermos nadar e gardal-a roupa. Moi ben admirarmos e estudarmos aos alemás, mais non tanto amén que se nos derrame a misa.

Nós, os galegos, pouca culpabilidade temos nisto. O germanismo vennos, como todo, imposto de Madri. Así e todo, hai pra elo unha disposición doada no noso carante: o castelán culto e semiculto —o hispano en geral, porque isto acontécelle tamén aos cataláns— vive preocupado do que do seu país poidan pensar «en el Extranjero»; «el Extranjero» é unha verba mágica na Hespaña, que resume tanto de más excelente e admirábele poder sair dos miolos ou das maus dos homes, o modelo impecábel que compre imitar. Nós, os galegos temol-a mesma preocupación, non já respecto do Extranjero, senón de todo o que sexa forasteiro, de todo o que non sexa noso. D'eíqu qu'esleamos dispostos a acoller todo o alemán, e moito más se nos ven de Madri, agionllados e cos brazos abertos.

Pois ben, compre reacionar contra d'isto. S'en Madri queren sergir en postura servil co-a Alemaña, alá iles. Mais ao menos nós, ceibémonos. Se temos efectivamente moito que deprender do estrangeiro, que non sexa somentes d'Alemaña. Galiza tivo ligame tradicional co-a cultura francesa, pois precuremos de novo ese ligame. Temos afinidades de raza con pobos da Gran Bretaña, pois precuremos tamén a cultura ingresa. Non sexamos escrusivistas, com'os de Madri, que c'un soilo santo non se vai ao ceo. Recibamos influencias diversas, que tanto más diversas, mais ceibes quedaremos nós. Escoitemos mestres de diversos métodos, de diversas opiniós, de diversos principios, e será o modo de podelos contrastar os ús cos outros, de coller o millor de cada un, d'alar gal-o noso horizonte, comparar, discernir, e non casarnos co primeiro que chega. E cando teñamos qu'acudir aos alemás, que por forza terá que ser moitas veces, vayámolos precurar directamente, e non nas seleccions e nas traduciós que nos dean feitas de Madri. Leámolos a-alemán, ou en traduciós feitas por nós, e non na *Revista de Occidente*. Lembremos o episodio de Sanz del Rio, que trouxo d'Alemaña o Kraussismo, e

os más dos hispanofoles coidaron que non había n'Alemaña máis filosofía qu'a Kraussista, ou polo menos qu'o Kraussismo era n'Alemaña a última palabra da cencia, cand'en realidade tivo antr'os alemás escasísima importancia. Lembramos que nos comenzos d'iste século boubo acontecer o mesmo co neokantismo da escola de Marburgo, e que se nos descoidamos, agora mesmo fannos igual co a fenomenología de Husserl. Compre andar con ollo; cencia alemaña, ben, mais xiquerá que non nol-a dean peneirada, que veña engebre, atal coma é, que já nós arredaremos pol-a nosa conta o grao do coñío.

Praiticamente, coido qu'o noso comportamento co a cencia alemaña poidera ser iste: estudala inteira, integra, adonarse d'ela nos seus principios —en todolos seus principios— e más nos seus métodos, dos seus intrugullos e dos seus trucos, e despois, seguindo ao corrente d'ela, reducila aos seus justos lindeiros, e facer o qu'iles fan: aproveitarmolos seus traballos, sen citalos de más, senón co-a prudenza e picardía, mais coma documentación que coma autoridade; non collermos o qu'iles fan coma cousa feita e definitiva, senón repetila e millorala, superala sempre. Eu asegúrovos que é doado.

En fin, que non hai que tratala coma un ídolo, coma unha Pantasma imponente e insuperábel, senón coma obra de homes de moito talento, moi apricados, moi traballadores e moi ben munidos de meios pra o estudo, mais homes ao fin, homes coma nós.

#### NA VIENA ELEGANTE

Ao surtir do Mhseu, já ben tarde, viñen pola Landongasse e doblei pol-a Skodagasse que sai d'esguello cara a Alserstrasse. Gran rúa ampla, onde atopei un restaurante pra jantar. Había espellos elépticos biselados sobr'un fondo de cretona ramexada e frolicada, manteis a cadros azules e servizo de prata. Bah! Inda menos mal *Ruhreies* (ovos revolto con jamón) hainos a calquera hora.

A rúa é longa e de súpeto, de que se chega ao Landesgerich (un tribunal) faise moiumental. Aparez primeiro á man esquerda, o edi-

fizo antigo, baixo, de tellado pino e cheo de chemineias, fachada con milleiros de fenes-tras, do hospital geral (*Allgemeines Krankenhaus*); logo a praza d'Otto Wagner, con jardis, e por frente, à man dereita, o gran pazo severo do *Landesgericht*. Logo a rúa metese por antre pazos e casas fermosas e moi mentás do século XIX, cecais do XVIII. Ao Norte, e man esquerda, está a Praza da Liberdade, co a *Votiv Kirche*, fermosa obra neogótica (é de 1856), en reparación. Ten valados de madeira, mais por un dos portás podia se entrar i-entrei por baixo d'ünha ergueita vouta, mais d'ali non medeixaron pasar.

O sitio é señoril e fermoso. Un gran Banco, o Hotel *Regina*, os jardis, e polo lado da *Alserstrasse*, a enorme Universidade. Mettame por atrás d'esta, pol-a *Reichsratstrasse*, e chegou á Praza do Consistorio (*Rathaus*), enorme edifizo tamén neogótico (1872) con outa torre, por frente ao *Bürgtheater*, que ten columnata neoclásica. Antr'os dous edifizos, hai un lindo parque, onde me sentei, baixo das olladas, non sei s'escamadas ou curiosas d'un señor vello qu'estaba n'outro banco. A *Reichsratstrasse* ten preciosos soportás: as Arcadas, nas que hai tendas e cafés. A perspectiva é manifeca, e o piso de mosaico de coores (ou pol-o menos moi ben imitado) resulta de verdadeiro luxo.

Despois collin por *Oppolzergasse*, *Modersteig*, *Hefelrstorferstrasse*, a Praza da Bolsa, e por *Salzgries*, *Morzin Platz*, *Kohlmesser* e *Adlergasse*, a *Schweden Platz*, e d'ali ao cortejo.

No baixo serán d'autono, cand'o sol se deita toda esta parte que percorrin ten un engado, unha distinción e unha beleza extraordinarias. Todas as mulleres qu'un atopa semellan cousa fina, aunque vaian da pé, ja levan, n'iste mes, vestido xastre e pequena pelica nas hombreiras; o calzado fino e as meias ben estiradas compretan o tipo. Coma já vou perdendo as mañas d'escriptor, non sei como expresar a impresión mais que co istos detalles un pouco parvos. Coma pr'a miña lembranza abondan, coido que tamén ll'abondarán aos demais.

#### JUDENGASSE

Metinme de novo por todo o lixo de ruas co-

necidas de vella cibdade. Ja canso, senteime no *café da Áncora*, preto do *Hohermarkt*, tomei café, botei contas — pois viña de recibir un cheque — leí un jornal, e descansei. O jornal falaba da revolución argentina, de mortes por trabucamento, das loitas dos nazionalsocialistas slovenos e istrias contra os fascistas italianos, etc. Total, qu'o mundo non s'entende, que todo anda enleado. E eu eiqui, no meio d'unha gran cibdade, no curazón da Europa Central, tan alleo a todas esas cousas, coma s'estivera en Celeirón. Leo eiqui da revolución argentina, coma en Celeirón leiu hai tantos anos da revolución portuguesa que trouxo a República.

Celeirón e Viena son pra o caso equivalentes; o mesmo estado d'esprito pódese dar nos dous lados igual. Dende Celeirón ou dende Viena, pode un ter a mesma sensación da inanidade das guerras e das revoluciós.

Os dous sitios predispoñen igualmente a matinar en se val ou non a pena de s'apaixoiar pol-a cousa púbrica ata o punto de por ela matar e morrer.

Pensamentos pacifistas? Non, non, non, de ningunha maneira. Pensamentos individualistas, antisociáis, se queredes, propios de quem estima moito mais a vida privada qu'a vida púbrica, de quem sostén os dereitos primordiais do individuo, de quem programa o primado da vida privada, do civil por riba do político. Outra cousa non. Eu son demasiado pacífico pra ser pacifista.

Botei a andar pol-a *Judengasse*.

A *Judengasse*, rua fetida, fedechosa e feidente de judeus probes, astrosos, farrapentos, chea de zapaterías e prenderías onde se vende roupa vella, empeñas e zapatos vellos, onde todo semella coberto de poeira e de lixos dos que lle caen á tea sobada, d'ises que s'stopan ás veces no fondo dos bolsos dos traxes qu'un usou moito tempo. Aquelas tendas eran buracos estreitos e escuros, algúns c'ünha luciña bermella aló no fondo, onde seguramente habería un home de barbas debruzado riba d'un libro graseño.

Había homes sentados nas aceras, ou en cadeiras vellas na soleira das portas, nenas a correr berrando, e das tendas surtían homes sinistros, todos vestidos de negro, se-

mellando todas enloitadas, e achegábanse a min homildosas e supricantes, dicindo cousas qu'eu non comprendía, n'un que me pareceu un idioma raro, coma se fora unha sorte d'alemán derramado —eu non sei s'aquilo era alemán ou era cheko, ou era *yidisch*— e chamándome Doutor...

Pasei por diante d'unha Sinagoga, con inscripción hebrea, e na porta, os cultos anunciados n'alemán.

Despois vin unha librería judía. Había libros n-hebreu, literatura semítica: historia, novela, contos, poesías, un Catecismo do Talmund. Puchas e estolas para os rabinos, condieiros de sete brazos, adornados co doble triángulo, ou exalfa salomónica. Todo vello, grasento; poeirento.

Aquele daba unha sensación que, embora fase porca e triste, asemellábase á da Alte Synagoge de Praga. Era a sensación de semitismo: unha gran decadenza ocultando un imenso poder; unha gran miseria escondendo ríos e lagos d'ouro; un gran pasao acochando un tremendo misterio. Volvera atopar a Israel na sua salsa, o Israel internacional e engebro.

Teñamos unha lembranza pra D. Benito Fernández Alonso, o galego que foi bon amigo d'Israel, o estudante da aljama dos sepharditas da Europa oriental. Quen mo dera diante d'esta librería talmúdica, da que seguramente podería descifrar moitos segredos. Il non deixaría de precurar a istos rabinos, pra parolar co iles da Mischna e da Thora, do alefato sagrado e

Volvin moi canso ceiar n'un restaurant da Rarolinengasse, onde me deron unha carne con salsa e cebola moi latina.

#### UN DÍA ENRABECHADO

Hai días fastos e nefastos. Isto já o sabían os antigos, que pol o que vou vendo, sabian todal-as cousas, e se non tiñan os cachivaches do progreso de que nós nos gabamos, se cadra é porque comprendían que non servían pra cousa boa. Hai un texto de Séneca no que dí que os inventos son cousa propia de viles escravos; foi nisto profeta, coma cando dixo aquelo de que non sería Thule a última terra do mundo.

Pois ben, aquil novo dia amaneceume de man armada contra mí.

Emprincipiei por erguerme tarde, o qual, cando un está na casa é o más gostoso, mais cand'un anda de viage é unha contra.

Despois tiven que facer unha das cousas que pior saben: cubrir a *Anmeldung* pra a Policia. Tiña que cobrila e ademais levala, co pase, sofrir as perguntas que me fixeran, demorar o que tiveran por ben de me facer agardar, etc. etc. Conque, despóis d'enviar o café, o pan e más a manteiga, armeime de pacencia, senteime á mesa, collin o papelão, e fun enchendo as casillas. A aquela hora tiñalle eu unha xenreira á Policia, como lle poída ter o más teimoso revolucionario. Querse dicir que pasei unha meia hora d'anarquismo radical. As ideias son ás veces apropiadas ás situacíós. Mais coma por fin, eu non teño entranas d'anarquista d'acción, pois cubrin a *Anmeldung* deixa o cabo.

N-istes dias que lle veñen a un tortos, síntese —eu teñoo sentido moitas veces— a presenza d'algo estrano dend'o cima da frente ata o entrecello, unha cousa moura que se pón ali, negra sombra, mala ideia, ou pequeno tardo invisíbel que nonos deixa acougar. Ás veces é coma un puño, incrustado nos miolos, duro, pesado e sombrizo, que dende eli bota a sua negrura por riba d'un anaco da nosa vida. Debe ser cousa do demo, cecáis un elemental artificial, criado por nós mesmos, se cadra, un pecado oculto que se nos sube á cabeza, ou un nô que se nos forma nos pensamentos, ou unha ferida, ou pol-o menos un golpe astral que nos zorrega un nemigo mais ou menos bruxo, un trauma parapsicológico ou metapsíquico. O caso é que de qu'aquelo ven deixa que se vai, non lle sai a un nada a dereitas.

Esta vez menos mal: cando saía co-a *Anmeldung* na man, papel que como se sabe, hai que repetir tres veces, no recibidor atopei unha criada que me dixo que se me non quería molestar, que iles mesmos levarían a *Anmeldung* e o pase á Policia. Naturalmente, co-a gana que tiña eu de lles ver os focíños aos polizones, dixen aixiña que sí, pousei os papeis na gran mesa de mármore,

saquei do peto o pase e púxeno encima, din gracias e pillei a porta.

Mais ainda tiña que ir ao Banco, cobrar. Asegún a Guía de Teléfonos, o Banco estaba Am Hof; fun aló, en Am Hof non atopei tal Banco. Enrabecheime, cráe'está. Enrabechome moitas veces; mais cando anda comigo aquela cousa moura que s'aposa na diantera do cerebre, entón moito más. A cousa ruín pincha en míi com'o cornac no alíante.

Por fin din co Banco, mais non co-a entrada. Naturalmente: como que s'entra pola rúa do lado. Entrei. Había que baixar a un piso fondo, por debaixo de terra. Baixei ainda anarquizando no meu magin: todos meus maus pensamentos iban agora contra do diñeiro e más dos seus poseedores.

Un gran salón tépedo e silente, arrodeado de valados de cristal. Severa arquitectura e severo moblaje, difusa luz coada por un teito de vidro, gente falando baixío.

Entreguei o meu cheque, firmeino, puxen o meu enderezo, amostrei o pase, déronme un cartón co número 94, e a agardar.

E agardei ben. O tempo pasaba. O caixeiro, atrás da ventanilla, iba berrando todol os números agás o meu. O tempo pasaba. Eu, a pé firme, agardando. Eran já as once e meia. Eu estaba desfeito, alporizado, aborrecido, canso, impotente. A cousa ruín pesabame na testa... Estiven matinando, más o pensamento non quería parar quieto. Ourense, Berlín, a Policía, esta mesa escura co-as suas banquetas, a luz que cai de riba, versos do Cabanillas, Allariz, o tren, o Museu, o Prof. Haberlandt, a casa, a igrexa de San Carlos, o autobús, o tempo que pasaba, os pantalós brancos enrugados do cobrador do autobús, as cousas fachosas que hai en Viena, que non corresponden ao conceito d'elegancia que evoca o seu nome, o ben que parez a gente, a vestimenta nacional, en todo tiven tempo de matinar, cun ritmo de devadoira: catro caballos van para Francia, un tras d'outro e ningún s'alcanza...

Por fin, o Caixeiro cantou o 94. Alá fun. Perguntoume d'ondu era, que facía, a qué viñera a Viena, já pensei que m'iba perguntar cantos fillos tiña, como se chamaban, se tiñan bó apetito, etc. Debín responder ben,

porque pagar pagoume. Apañei os cartiños e botei pra fora.

#### LANDESMUSEUM

Como era já tarde pra ir ao Museu da Landsgasse, determinei d'ir ver o *Niederösterreichisches Landesmuseum*, que m'aconsellara o Dr. Fadrus.

Está na Herrengasse. Paguei 50 groschen, merquei o Catálogo e rubín.

Moita Historia Natural: minerás, animás disecados — lembro dous soberbios porcos bravos — moito diorama e maquetas de paisage, etc. Hai unha parte de grande intrés adicada a cousas de caza... Ali foi onde emprincipiei a coller notas e a dibuxar. Mais nisto, o fado ruín que me perseguía o dia aquil, interviu: unha das vigiantes que ali había — son mulieres as qu'andan ali tendo man do Museu — unha Hexe, díxome que non podía dibuxar, que se quería, que pedise unha autorización na Kanzlei.

Alporizouseme o genio, e respondin de malos modos que non precisaba autorización ningunha, que non m'importaba nada, que nen dibujaría nen collería notas. Non sei coma non lle chamei bruxa. Pero por fin non llo chamei.

O certo é que já levaba cinco días na más cumprida soedade. É grande cousa, a soedade. Mais é cousa que se leva ben co-a vida sedentaria e queda, na casa ou na campia; non co-a vida nómada do viageiro, e menos co-istes centros forzosos de sociedade que son as grandes cidades. A soedade n'estas chégase a facer fonda co-m'a sepultura.

Ademais, hoxe tiña o verme aquil a me rillar nos miolos. A tristura me non deixaba ollar as cousas a xeito.

Pasei por antrás bestas alpinas, pol-a rica seízón de Prehistoria, por antre as vistas de fermosos castelos e pazos.

Hai tamén unha seízón folklórica da que non vou lembrar eiqui nada, porque todo vai tinguido da negrua espiritual d'un día de spleen, esa verba hoxe esquecida que non ha tardar en volver.

Eiqui apareceume de novo a ideia do Imperio: eran documentos expedidos polos Habsburgos:

\*Wit Ferdinand von Gottes genaden Römisches zu hungern und Behaim Kunig, Infant in Hispanien, Erzherzog zu Osterreich, hertzog zu Burgundi, Steyr, Czain und Wirtemberg et Graue zu Tyrol, etc.\*

Ou:

\*Francisco Josef I.<sup>o</sup> Emperador de Austria, rei de Ungria e Bohemia, rei de Lombardia e Venecia, de Dalmacia, Croacia Slavonia, Galizia, Lodomeria e Hiris; Archiduque de Austria; Gran Duque de Cracovia; Duque de Lorena, Salzburgo, Stiria, Carintia, Carniola, Bukovina, Alta e Baixa Silesia; Gran Princepe de Siebenbürgen; Margrave de Moravia; Conde palatino de Habsburgo e Tirol, etc. etc.\*

Era o Santo Imperio. Por unha banda, a dinidade suprema estabrecida sobre de reis e princepes soberano cada un na sua propia terra; por outra banda, a acumulación de feudos, cada un dos quales conserva a sua individualidade. Sorte de federalismo orgánico histórico, anterior e superior ao federalismo mecánico filosófico dos más dos federalistas modernos.

E iso que istes documentos, de tempos já bastardeados pol-o Renacemento e pol-o Dereito Romano, case non conservaban más que as formas simbólicas da gran ideia medieval do Santo Imperio, magnífica concepción da armonía do mundo, co-a sua hierarquía de potestades, co-a sua liberdade na ordeación, e co-a sua supremacia do poder espiritual. Era un ordeamento politeco da Cristiandade concebido com'un gran poema de cósmica grandeza, ao geito da Divina Comedia, asegún modelo exemplar transcendente, e que endejamais se realizou no tempo, pol-o que cecais conserva o seu valor eterno.

Fun jantar a un restaurant, e ali determinéi rematar o día da millor maneira, da sorte qu'o día tiña merecido: asesinándoo.

Cecais o que mata un dia da sua vida, mata tamén unha parte de si mesmo. É unha graciosa donación qu'un lle fai á nada, unha transacción momentánea co-a morte. Eu non sei s'iste é un crime ou nono é. Soamente sei que eu cometino aquel dia, do que esquecín ata a data. Regaleillo ao non ser, abrin a man e deixeino marchar.

## NÓS

Pechame na casa co-a miña soedade e co aquela cousa ruín metida na testa. Fugin de Viena e perdina e esquecina de todo ante catro paredes já mal alumeadas a aquela hora, e fiquei mais soilo que nunca e mais arredado de todal-as cousas.

E non houbo máis.

## OUTRO DÍA

Cand'acordei, no leito, a cousa ruín já non estaba. Por fin librárame.

Erguinme e fun ao Museu folklórico da Laudongasse, onde botei a mañá e parte da tarda. Estudeino e téñeo catalogado ao meu geito, sala por sala. Vin ao Herr Hofrat Professor Doktor Arthur Haberlandt, e compreúme velo tan gordo e tan satisfeito.

Cecais a cousa más impresionante do Museu sexa a Trindade da Triple Face. É unha escultura popular en Madeira que repersenta a Santísima Trindade por medio de tres cabezas humáns fundidas n'unha soila: unha testa c'unha soila frente, catro ollos, tres narices, tres bicos e tres barbas. A descripción non pode dar ideia d'aquela tremenda figura desacouganante que acongoxa e apreta o curazón. Mete respeto, mete medo, pon más arrío que devoción. Antre os intentos que se poden facer pra expresar o inexpresábel pra representar o que non ten representación posíbel, isto é o más original e o de más violento esforzo, esforzo que chega á monstruosidade. Escultura metafísica na que a materia disparata contorsionada polo esforzo criador. Os deuses indios de cen brazos son figuras inócuas a carón d'iste, no que non nos estrevemos a recoflecer ao noso Deus.

E se cadra foi unha intención outamente piedosa a que creou isto, quen sabe se non foi unha homildosa piedade ingenua, posto que non se horrorizou do feito. Ou cecais unha visión tan fondamente teológica, que pasou através da objeción que repersenta a ideia posta en obra.

## PASOS PERDIDOS

Cando surtín do Museu já baixara o sol. Andiven entón un pouco por rúas travesas,

feas, ruís, con tendas de pouco más menos, onde todo semellaba vello sen ser antigo, todo probe, plebeu, de pouca cousa. Todo dá sensación d'estar canso e entregue ao fatalismo.

Despois viñen outra vez á Laudongasse, collín por Schlösselgasse á dereita, logo por Florianigasse, atravesei a Landesgerichtstrasse, fun por Grillparzerstrasse, estiven sentado n'un banco do jardín, atrás do Rathaus, a esa hora linda d'irse deitar o sol; despois collín pol o 12 de Novembre, a gran praza, Schotten Ring, logo pol a ribeira da canle, Morzinplatz a Schweden Platz.

Recreeime pasando aquiles sitios fermosos, deténdome pra ilos metendo ben na memoria, de maneira que non m'esquenesen, gozando a hora da cibdade, que é esa, ata chegar a m'atopar ledo e animado.

#### O PROF. S. FREUD

Seica se celebra istes días o jubileu do Prof. Freud. Nas cristaleiras de varias tendas de libros teño atopado a sua efígie, en ampliación fotográfica, arrodeada da exposición dos seus escritos, de números da sua revista, d'escritos dos seus discípulos e seguidores.

O Prof. Sigmund Freud é unha das curiosidades de Viena, un dos homes que máis barullo levan feito no noso tempo, é un verdadeiro chefe de secta centífica. É un gran conquistador da actualidade, un gran acaparador da atención pública; pol-o tanto, home do noso tempo, adestrado do centífecho, que já emprincipia a non ser cousa dos nosos días.

Calquera que sexa o valor das suas descobertas e das suas doutrinas, iste sabio judeu —no fondo un pouco irónico— ten unha chea de cousas simpáticas: un enorme talento, un espírito bastante artístico, un estilo cheo d'engado. É un centífecho que escribe com'un home de letras.

Eu, que non son psiquiatra, pol o que m'eu podo decatar das cousas de que fala o Prof. Freud, sintome incrinado a creer na psico-análise, no rol do inconsciente, nos efe-

tos do trauma psíquico. Non considero aceptábel a generalidade que dá ás suas doutrinas, nem creio no seu pan-sexualismo.

Cecais o que fixo o éxito, clamoroso e barulheiro de más, demasiado de gran público e d'imprenta, do freudismo, é precisamente a parte más fraca e flebe da teoría, aquela que podemos chamar: o que queima. O freudismo veu coincidir co exceso de preocupación sexual do noso tempo, preocupación que non se debe de ningún xeito a ningunha sorte de represión, senón á neurose, ao enflebecemento orgánico da gente, aos hábitos viciosos de moitos, ao materialismo, ao amoralismo. Dase precisamente como feito histórico o caso inverso do que queren programar os socio-freudianos: a menor censura, mais intensa e malsana preocupación. Canto más facilidades pra satisfacer os instintos, mais tiránicos istos se volven, e más morbosas formas adequinan. Asegúrnos que eu chamo socio-freudianos —que son os que queren dar ao freudismo unha apricación práctica amoralista— a represión do instinto sexual é danosa, porque leva á sobreexcitación dos nervios, ao histerismo, á loucura, á manifestación das tendencias antisociais, á criminalidade. Non embargante compre convir en que no noso tempo goza o instinto sexual da maior liberdade e das más amprias facilidades pra a súa satisfacción, e —compre dicilo— principalmente na Europa Central. Pois precisamente no noso tempo, e precisamente na Europa Central, ousérvase un aumento pavoroso das doenças mentais, do histerismo, loucura, criminalidade, suicidio, etc. etc.

Onde pode levar o amoralismo teórico e práctico do noso tempo, fornécenos a proba un filósofo vienes cujo nome non me chegaron a dicir.

É o filósofo do homo sexualismo. Ouvin falar d'il, nen o víñ, nen o leín, nen o víñ citado en ningures. Dí que teoriza o amor socrático coma propio da verdadeira selección humán, como a suprema vitoria riba da natureza, como a más outa realización estética.

*(Continuárse).*

# Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

## FOLKLORE DE COALEDRO (OURENSE)

Hai anos, estivemos en Coaledro, co gallo das visitas ás escolas dos cursillistas. Era no inverno, e os montes arredor tiñan neve. A noite acollémonos na cocina da pousada, que tiña unha gran lareira, flanqueada por un bó escano e un banco, debaixo da ampla chemineia, na que se apoiaban os *lareiros* pra o *fumeiro* dos chourizos. Ardia un bó lume, a leña sostida nun trasfugueiro de ferro, que ali chamaban *morillo*, o qual tiña nun dos pés de ferro que van pra riba, unhas anillas pra sostener o espeto. Amostráronos un espeto sen veo, sostido nuns trespés.

Allí, arredor do lume, cunhas magras de jamón e un jerro de viño do Val (Monterrey) a gente da pousada, moi animada e simpática, entrou logo en conversa, e respondeu con garimosa cortesía a todalas nosas preguntas. Falouse dos divertimentos do Entroido, de meiciña popular, e de outra chea de cousas, e cantáronse cántigas. Iremos pondo eiquí o principal do recollido.

### ENTROIDO

Fan os que chaman *Entremeses*, que consisten en leer versos humorísticos referentes a todos os acontecimentos ocurridos no ano na parroquia. O que as lee leva anteojos de pataca, imitando ao cura. Antes iban dous con escopetas pra defendelo.

Van disfrazados nun carro tirado por muitos burros, tantos como poden encontrar.

Disfrázanse con pieles de becerra, sen camisa, atadas cun vencello de palla, coa piel pra fora e o pelo pra dentro.

Pónse ao millor dous cun jugo e un arado, e andan facendo que aran. Un fixera unha gaita co vientre e as tripas dunha becerra, e dáballa a tocar a outro e apertaba pra que saira a basura.

Antes tamén choraban polo Entroido.

O noso informador un mozo que escribe o galego con soltura e gracia, amóstra-

nos uns versos feitos por il pra Entroido do ano pasado.

Tamén refire que en Piñeira d'Arcos fan un monigote de palla, representando o Entroido, que leva unha baxiga con sangue. Téñeno colgado un mes antes do Entroido, e despóis, tiranlle tiros ata que sai o sangue, e logo chorán a súa morte. Temos eiqui o sacrificio ritual da morte do inverno, e non faltaría quen dixese que o caso do totém, a quem se chora despois de matalo; mais de totems já non se pode falar despois de tanto abuso e tanta fantasia como se ten feito arredor diles; coidamos que eiquí compre precurar ritos agrarios, e renunciar a atopar ritos totémicos.

A pesar do que os disfraces con pelicas de vitela de Coaledro poideran sugerir. Non todo o relacionado coas bestas é totémico.

### MEICIÑA POPULAR

A *paletilla calda* cúrase poñéndolle ao paciente o páncreas dunha vitela con canela, e despóis dánlle unha onza de chocolate.

Isto mesmo fáiselle aos que padecen do figado ou do bazo.

Cóntase dunha señora que padecía fluxo de ventre e que curou con cocemento da deposición dunha pita. Estamos, como se vé, de cheo na *Dreckapotheke*, que dín os alemanes.

O ovo de pita negra emprégase pra o cólico.

O escremento de pita tamén sirve pra cólicos. Móese en leite, e bábese.

Pra golpes, as uñas de perdiz moídas e bebidas en leite.

Contan dun neno cuia cabeza reventada (*sipilón bravo*) que curou do seguinte xeito:

Pallas de allos e oliva queimadas, en aceite, dáselle cun hisopo, facendo cruces e decindo:

«—Dónde vienes Santo Tomás?  
—Vengo de Roma  
—Qué tal queda la gente toda?  
—Llena de rosas, sipela y sipilón  
—Pues Santo Tomás,  
Santo eres, Santo serás  
coge la cuerda de esparto  
y la flor de oliva y la curarás».

E rezase unha Ave María.

A oración é sen dúbida incomprende. Po-  
seemos versíos galegas inteiras.

Unha cousa que tén importancia especial  
son os coxos.

Unha rapaza desta casa tivo o *coxo da araña* no pESCOZO, e tiña mesmo a araña re-  
tratada: a figura da araña pintada en encar-  
nado na pel, e cuspeulle a Sra. Rosa, e tiña  
que ir tres días, soilo foi un, pero pasouelle.

É que a Sra. Rosa tiña virtude pra *bendecir os coxos*. Infórmannos que esta virtude  
adquierece matando tres toupas, cada unha  
de tres puñetazos. Despois, o que o fixo *ten a bendición*: fai cruces co-a man e con cus-  
pe e cura o coxo.

O «similia similibus curantur» ten algo  
que ver co isto, pois precisamente, o coxo  
máis danoso e perigoso é o da toupa; *fosa*  
moito e síntese fozar na ferida. Ouvindo  
isto, semella como se no coxo fora algo do  
espírito do animal, o seu doble, que se pinta  
ou que traballa na ferida.

Úsase tamén contra dos coxos o corno de  
licornio *bendito*, co que se fan cruces sobre  
o coxo e sacúdese.

Dannos tamén algunas recetas pra os  
animaes.

Pra o resfriado do galo, que se pón res-  
friado e hai que amantalo, auga de cocer  
unha pita con pluma e todo.

Pra o torzón das bestas, metelas na corte  
das ovellas, pola calor. Tamén lavar en  
auga unha camisa de muller co a regla e  
darrle a beber a auga.

#### ALGUNHAS CÁNTIGAS

- 1 As mocías de Coaledro  
Póm porobóm póm póm (bis)  
Non saben fregar os platos  
Ay Manuela, ay Manuela (bis)

Pero si saben traguer  
Póm, etc. (bis)  
En los brazos un muchacho  
Ay etc. (bis)

- 2 A saya da Carolina  
tén un lagarto pintado  
cando a Carolina baila  
o lagarto dalle ao rabo.  
Bailaches, Carolina  
bailei si señor  
dime con quen bailaches  
bailei co meu amor.
- 3 El aldeano tiró  
tiró la piedra tiró  
tiró tiró la piedra  
y no le alcanzó.
- 4 Si queres que o Gaspar cante  
mollall'a boca con viño  
verás como ben mollado  
canta como un asubio.
- 5 Ó meu vello, ó meu vello  
do chapeo remendado  
criei tan grandes piollos  
com'a chavella do carro.
- 6 Pasei pola tua porta  
co mandiliño cuberto  
e vin estar tua nai  
co o... do c... aberto.
- 7 A la más vieja  
le falta tiempo  
a la segunda le sobra  
voy a llevar la del medio.
- 8 Canta cuco, canta cuco  
na rabela do árado  
que as mocías de Cualedro  
non saben facer o caldo.
- 9 Agora que ven o vrán  
tamén ven a primaveira,  
ás mocías de Cualedro  
toda a barriga lle pela.
- 10 Ao carballo caille a folla  
yao castiñeiro o ourizo

- yas mocifas de Cualedro  
todas andan....
- 11 Ao carballo caille a folla  
yao castiñeiro o ourizo  
yaos mocifos de Cualedro  
caille a piel co pruicio.
- 12 A tia Fona fixo as papas  
e botáronsele fora  
Hai sete anos que foi esto  
E a tia Fona inda chora.
- 13 Viño que te das na cepa  
porqué non te das na xesta  
logo que vás á barriga  
aixiña sobes á testa.
- 14 Os mocifos de Cualedro  
son poucos e nenos son  
delgadiños de cintura  
comidos do morrión.
- 15 Os mocifos de Cualedro  
vénndelos acolá van  
que pequeninos que grandes  
levan o andar do can.
- 16 Os mocifos de Cualedro  
son un fato de lapós  
por un vasiño de viño  
dan forniellas e pantalós.
- 17 Os mocifos de Cualedro  
todos sentados nun banco  
eu non dou por eles todos  
un vaso de viño blanco.
- 18 Os mocifos de Coaledro  
son poucos e moi bonitos  
e a cama onde iles dormen  
é o poleiro dos pitos.
- 19 Indo pola calle abaixo  
tropezei cunhas tenazas  
os mocifos de Cualedro  
andan cheos de carrazas.
- 20 Ay o que ladran os cás  
pódenvos sentir o lobo  
son os mozos de Coaledro
- que se van quentar ao forno.
- 21 Os cregos e taberneiros  
teñen moito parecido  
O crego bautiza os nenos  
yos taberneiros o viño.
- 22 O paxaro cando chove  
mete o rabo na silveira  
así fan as boas mozas  
cando non hai quen as queira.
- 23 A ronda vai pola calle  
non se sabe por quen vai  
Se vai polas forasteiras  
se vai polas do lugare
- 24 O muíño do teu paie  
non é muíño que é convento  
os casados van pra fora  
e os solteiros quedan dentro.
- 25 A muller do taberneiro  
vai a pedir o devorcio  
porque dice que o marido  
non lle sirve pro negocio.
- 26 Miña nai é maila tua  
van xuntas á romería  
miña nai viña borracha  
e a túa xa non se tiña.  
con el rás cataplás  
Yo tengo un ris pirolis  
tras plás.
- 27 Chamáchesme pouca roupa  
se tés moita teu proveito  
menos teño que quitar  
a noite cando me deito
- 28 Miña nai cando peneira  
bate cos pés no sobrado  
ela di que non quer xenro  
yeu xa llo teño buscado.
- 29 O crego é más a criada  
foron cavar os melós  
toparon a terra dura  
botáronse aos moxegós.
- 30 A que se casa cun vello

non sei que gusto lle topa  
cando se deita di hay  
cando se levanta opa.

31 Teñio meu pan amasado  
yo meu vello pra morre:  
antes quero que o vello morra

## CONTOS

Un rapaz foise confesar, e o cura puxolle de penitencia que rezase tres padrenuestros.

Conque, a nai perguntouille despóis:

—Cumplices a penitencia?

—Non señora.

—E porqué?

—Porque, como a había cumplir? O señor Cura mandoume rezar tres padrenuestros e eu non sei más que un.

## OUTRAS COUSAS

En Coaledro pódese comer carne de vaca

que o pan botarse a perder.

32 Déchesme unha cinta verde  
marela nunca ma deches  
como che hei de ter cariño  
se tí nunca mo tiveches.

todolos días, pois vana buscar a Vilar de Perdices, en Portugal, onde matan todolos días, e é moi boa e barata.

Ven un barbeiro de Carzoá duas ou tres veces á semana rasurar á gente.

Dín que na Girona e más en Sto. André (Portugal) non comen o leite, senón que llo deixan pra os becerros, así os teñen de bós.

Na Girona había unha irmandade do Carmen que tivo 15 ou 16.000 pesos. Por mala administración quedou reducida a 3 ou 4.000 pesetas de renta.—V. R.

## FOLK-LORE ENCOL DOS NENOS

Pra completar as notas do «Folklore encol dos nenos» publicadas no número 136 de esta revista, e recollidas no porto de Cariño, engadirei as seguintes:

O berce non se debe facer nin mercar dementes do nacemento, pois, do contrario, non se logra a crianza.

Cando pol-a noite se traslada un recién nado de unha casa pra outra, adóitase meterlle entre as roupas un dente de allo ou unha coida de pan por mor das meigas.

Pra acelerar o parto, cando é pesado e lento, vístese a muller con un chaleque de home, por coidar que de iste xeito aproveita millor as forzas.

## A MAI DE SAN PEDRO

Alá por terras de Parada do Sil cando se quer decir de unha persoa que é inqueda, rebuldeira, quisquillosa, egoísta ou soberbia, dise da tal que «é unha mai de San Pedro», e como xustificazón de iste curioso modismo contase a interesante lenda que reproducido.

Cando a mai de San Pedro lle chegou a hora de deixar este mundo, non se atopaba tan limpa de pecados que poidese pasar

adiante das portas que garda o seu fillo, y-El Señor mandouna o Purgatorio pra que ali deixase todolos lixos que da Terra levaba. O San Pedro deulle lástima da sua mai i-entón pediuille a El Señor que a botase fora de aquil lugar de castigo. El Señor colleu unha gran folla de berza e dándolla a San Pedro dixolle:

—Toma esta berza e bótalla a ánima de tua mai pra que se agarre a ela e sácala.

San Pedro fixo como lle ordenaran e tomando a folla alongouna o Purgatorio pra que se collese a ela a ánima da sua mai. Esta fixoo así, mais o decatarse as animiñas que estaban o arredor deron en agarrarse a ella, e a estas fóreronse agarrando outras e de cada vegada se xuntaban mais, de xeito que aquil racimo de ánimas ameazaba con romper a folla. Entón a mai do San Pedro, molestada con tanta compañía, quixo sacudila de riba de si, e o tratar de desbotalos rompeu a berza e cairon todos outra vez o Purgatorio.

## PRA PROTEXER O FILLO QUE ESTÁ NO SERVIZO

No concello de Vilardelvós, cando unha nai ten un fillo no servizo militar, vai a eire-

xa e pon daladiñamente un duro, co a cara pra riba, debaixo da pedra da ara do altar maior. Coidan que con esto o rapaz que cumple os seus deberes militares está a salvo de toda desgracia, e si está en Marrocos, librase das feridas de baixa.

#### RUBIDA DAS ÁIMAS

No mesmo lugar de Berrande, onde se coileu a noticia devanceira, hai duas mulleres que teñen sona de bruxas por que fan curacións milagreiras i-están o tanto de cando as ánimas han de sair do Purgatorio.

Cando esto vai suceder, avisan os familiares da animiña, os que xuntan cinco cegos que toquen algún instrumento musical e vanse con iles o sitio indicado pol-as bruxas.

Aló pol-a meia noite os músicos cegos rompen a tocar entramentras que as bruxas mirando pra o ceo consolan os parentes decindo:

*Imp. NÓS - Rúa do Vilar, 15 - Santiago*

—Vela ali vai a animiña rubindo cara o ceo. Rube, animiña del Señor, que xa chegou a hora.

#### DITOS REFERENTES A POBOS

A parroquia de Santa Marina do Monte ocupa dentro do concello de Ourense, o que pertence, o extremo do suleste e fai límite co Axuntamento do Pereiro de Aguiar.

Acerca das cualidades dos habitantes de Santa Mariña din os seus vecíños da parroquia de Santa Marta de Moreiras a seguinte ladaña, non moi gabanciosa por certo.

Parroquia de Santa Mariña,  
Parroquia de zarrangallada;  
Casa caída, nunca levantada;  
Ventana acabada, tapada con palla;  
Moza solteira, os quince anos preñada;  
Semana ganada, o domingo chapada.

XOSÉ RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA.



Dr. Amancio Caamaño

SANATORIO QUIRÚRXICO

Pontevedra


Novas obras publicadas por

NÓS, publicacións  
galegas e imprenta

Dous folk-dramas de Yeats	1'50 ptas.
trad. por Vilar Ponte e Plácido R. Castro	
Matria (drama)	1'00 »
por Alvaro das Casas	
Nouturnio de medo e morte (drama)	0'80 »
por Antón Vilar Ponte	
Devalar (novela)	2'50 »
por Ramón Otero Pedrayo	
Seis poemas galegos	2'00 »
por Federico García Lorca	
El alba del quechemarín (versos)	2'50 »
por Francisco de Fuentosa	

Non deixe de mercar  
os libros galegos

pidaos nas mellores libreirías i-en NÓS



Rúa do Vilar, 15.

Santiago de Compostela

MERQUE VOSTEDE  
**Plumeiros RAFIUM**

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.  
VÉNDENSE EN TODOL OS ESTABRECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

**Sanatorio Quirúrxico de San Lorenzo  
Santiago de Galicia**

Dos Profesores

**D.Fernando Alsina e D.Antonio M.de la Riva**

CIRUXANO

XINECÓLOGO

**FOTOGRABADO**

Si quer qu'os seus fotograbados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
**GRAFICO GALAICO**

Picavia, 14 · 2.<sup>o</sup>

LA CORUÑA

Apartado 195



**NÓS**

A sua biblioteca non será  
unha biblioteca galega,  
mentras non adequira as  
obras editadas por

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA  
SANTIAGO